

Nº 177 • 10 €
Xullo-December 2017

TERRA E TEMPO

Revista galega de
pensamento nacionalista

Xabier Abalo Costa
Xosé Ramón Álvarez Fuentes
Duarte Correa Piñeiro
Miguel Anxo Fernández Lores
Juan Antonio Fernández Martínez
Francisco García Suárez
Fernando Herrero Caramés
Rafael Iglesias García
Francisco Xesús Jorquera Caselas
Manuel Lourenzo González
Manu Lourenzo Sobral
Manuel Mera Sánchez
Manuela Novoa Pérez
María Obelleiro Hermida
Francisco Xabier Obelleiro Piñón
Ana Pontón Mondelo
Francisco Rodríguez Sánchez
Guillermo Vázquez Vázquez
Francisco Vilán Martínez



LOIS OBELLEIRO
compromiso e loita



moda+arte
SÉTIMA FEIRA

cada **2º SÁBADO** de mes no 1º andar da praza
de abastos de Pontevedra de **11.00 h** a **15.00 h**

ACHÉGATE A GOZAR

da arte, moda, concertos, gastronomía,
talleres infantis e moi bo ambiente

en Pontevedra
nun mercado diferente!



1927-2017

90 AÑOS

Museo de Pontevedra



 DEPUTACIÓN
PONTEVEDRA



lingua
Año da



Na memoria de Bautista Álvarez

Terra e Tempo

Publicación impresa editada desde 1965

Edita

© Fundación Terra e Tempo
de Estudos Nacionalistas

Clasificada de Interese Cultural pola Xunta de Galiza (DOG 19/10/2004) e inscrita no Rexistro Único de Fundacións de Interese Galego co número 2004/20. Código de Identificación Fiscal (CIF): G15947450

Redacción, publicidade e subscricións

Avenida de Lugo, 219, 1.º
15703 - Compostela - Galiza
Teléfono 981 57 02 65
fundacion@terraetempo.gal
www.terraetempo.gal

ISSN 1575-5509

Depósito Legal C 1361-1995

Documentación gráfica
Familia de Lois Obelleiro
Rosa Cancela
Francisco García
Xaquín Soliño

Ilustración da capa
Pepe Carreiro

Deseño da cabeceira
Xosé Lois Vázquez

Deseño e maquetación
Diego Núñez

Fecha de edición
9 de febreiro de 2018

Tiraxe: 1 000 exemplares
Impreso na Galiza



Padroado da Fundación

Roberto Vilameá Ponte (Presidente)

Alberte Mera García (Secretario)

Xosé Carlos Solla Lago (Tesoureiro)

Xosé Manuel Casal Sabín

Rubén Cela Díaz

Xoán Xosé Costa Casas

Marta Dacosta Alonso

María do Carme García Negro

María Pilar García Negro

Xoán Carlos Garrido Couceiro

Montserrat Nóvoa Gómez

Mónica Pazos Martínez

Néstor Rego Candamil

Branca Rodríguez Pazos

Consello asesor da revista *Terra e Tempo*

Prof. Dou. Fernando Adolfo de Abel Vilela
(Universidade de Santiago de Compostela)

Prof. Dou. Xosé Manuel Carril Vázquez
(Universidade da Coruña)

Prof. Dou. Uxío Breogán Diéguez Cequiel
(Universidade da Coruña)

Prof. Dou. M.^a do Carme García Negro
(Universidade de Santiago de Compostela)

Prof. Dou. M.^a Pilar García Negro
(Universidade da Coruña)

Prof. Dou. Robert Neal Baxter
(Universidade de Vigo)

Prof. Dou. M.^a Antonia Pérez Rodríguez
(Universidade da Coruña)

Prof. Dou. Francisco Rodríguez Sánchez
(I.E.S. Canido)

Prof. Dou. Xosé Manuel Sánchez Rei
(Universidade da Coruña)

Prof. Dou. Manuel Soto Castiñeira
(Universidade da Coruña)

Prof. Bernardo Valdés Paços
(Universidade de Santiago de Compostela)

Presentación

A Lois Obelleiro, nos camiños da luz

Hai persoas que enchen de luz todo o tempo que habitan. Fano, as máis das veces, de xeito silencioso e discreto; como para convidarnos a transitar de maneira natural eses camiños de luz que van abrindo. Ollados dende o despois, decatámonos de que aqueles que, coma Lois Obelleiro, dedicaron unha vida a compartir esa luz, foron, aínda sen pretendelo, faros inexpugnábeis desta nación. Persoas que, como nos dicía Saint-Exupèry, posuíron a virtude de saber en cada momento cara a onde camiñar. Lois Obelleiro contribuíu a abrir estes sendeiros que, estamos certos, de ningunha maneira serían os mesmos sen el. Camiños de patria, de xustiza e, sobre todo, de amizade e camaradería. Camiños que non reflicten senón unha vida de entrega xenerosa á causa da liberdade e que a través destas páxinas queremos convidarvos a percorrer. Velaí que, abofé, son estes mesmos vieiros os que nos trouxeron até aquí, para presentarvos este *Lois Obelleiro: compromiso e loita* que tendes nas mans.

Os textos que a seguir atoparemos, achégannos ao Lois Obelleiro que abriu camiño con paso firme e pegada sólida por cada recuncho do país. Confórmanse de lembranzas ciceladas coas palabras, sentidas e agarimosas, daqueles que canda el forxaron un compromiso inquebrantábel coa nación. Asemade, descubriremos ao Lois neno, que medraba naquel lusco-fusco que era Arcade na década de 1960. Atoparemos ao mestre, ao pai, ao historiador; ao home, en definitiva, que foi quen de conxugar con brillo todas e cada unha destas facetas e poñelas ao servizo do país.

Presentamos este traballo nos días nos que se cumpren dez anos do pasamento de Lois. Mais a pouco que nos enchoupemos das palabras e imaxes destas páxinas, daremos conta do magma de enerxía que ferve en cada liña; da vitalidade, a forza e o sorriso inherentes a cada unha das lembranzas. E aledámonos, xaora, de que así sexa; porque ese foi sen dúbida un dos obxectivos fundamentais cando pensamos este traballo. O de construír, xa que logo, un libro de vida. Un proxecto alumado por aquela actitude vital e militante inmorrentes que, á vista está, foi quen de transcender ao seu propio tempo.

Quizabes, hai quen pense que cando as persoas coma Lois nos deixan, a súa luz se esvaece e mesmo chega a apagarse coa súa ausencia. Mais nós, en Soutomaior, coma en tantos outros lugares, sabemos con certeza que non é así. Moi pola contra, e así o quixemos compartir neste volume, temos claro que a presenza de Lois habita en nós cada día, en cada asemblea, mesmo ao pé daquelas súas palabras que hoxe presiden o noso local «somos unha nación e a nosa lingua é o galego». Sabemos que Lois foi quen de espaxear as faíscas da súa praxe política alén de si mesmo. Faíscas que prenderon e que alumean con forza cada acto de militancia e de amizade; cada acto de compromiso e de loita.

Entrementres, percorremos os camiños da liberdade; volta chans... volta en costa. Atravesamos neboeiras, por momentos incertas, que soubemos combater como abofé el faría; acreditando nas nosas propias forzas. Foron tempos duros, non obstante, camiñamos ledos e coa firmeza de crer nunha Galiza máis xusta

e dona de si. Non foron poucas as ocasións nas que demos en nos preguntar «e que faría Lois nesta situación?». E a resposta alí ficaba sempre; nas ducias de historias, de anécdotas e vivencias que entre todas as compañeiras e compañeiros tivemos o privilexio de compartir. Alí estaba sempre pululando no recordo a resposta afábel, a resposta honesta e leal de quen dedicou unha vida enteira ao compromiso coas clases populares e á loita pola liberdade.

Eis o Lois que hoxe atopamos en cada un dos artigos que seguen. O Lois no que, alén do tempo, agroman con forza ese compromiso e esa loita que dan título ao volume. Principios estes que tanto precisamos nesta posmodernidade que nos tocou vivir. E quen sabe? Se cadra foi por iso que en todo este tempo de compilación e preparación do traballo, deixouse sentir esa forza nas ducias de imaxes e reflexións que xermolaban a treu, incansábeis; como incansábel era o propio Lois. Cando menos, así o vivimos algúns que percibiamos no adentro noso aquel sorriso tan de seu a debuxarse encol das lembranzas.

Foi tamén a nosa intención facermos este percorrido coa mesma actitude xenerosa e optimista que el mantivo sempre. Quixemos transitar con alegría estes camiños de luz que Lois abriu sobre tantos eidos. Así e todo, permitídenos destacar con luz propia un destes camiños que cremos xenuíno e característico do que Lois supón para nós. Un aspecto da súa actitude ante a vida que se repite a xeito de escintileo en cada un dos artigos que compoñen este traballo. E non é outro que o exemplo do Lois militante. Militante no sentido máis nobre



e honesto do termo. Así nolo lembraba César Mosquera nun sinxelo acto de lembranza a Lois que lle fixemos por estas mesmas datas hai cousa dun ano. Lois ensinounos un xeito de entender a militancia que marca a diferenza con calquera outra forza política. Lois ensinounos o valor e a fermosura da militancia anónima, do traballo desinteresado, do compañeirismo e da limpeza de espírito que supón dedicar o noso esforzo a obxectivos tan nobres como o son a igualdade e a liberdade. Lois ensinounos o valor do proxecto colectivo sobre os personalismos e as visións individualistas. Lois ensinounos que a militancia é un xeito de vivir fermoso en si mesmo e que só ten sentido se a vivimos deste xeito. Esa é para nós, por riba de calquera outra, a máis grande das ensinanzas de Lois. A que habita en nós e a que nos comprometemos a exercer cada día porque estamos convencidos de que é ese o cerne de calquera proxecto político que pague verdadeiramente a pena.

Verbo disto, vémonos tamén na obriga de trasladar as nosas desculpas a tantos destes

militantes, a tantas persoas que compartiron, ademais destes principios, vida e tempo con Lois. Persoas, amigos e compañeiros que tendo abofé, tanto que dicir, non puideron participar neste volume polas limitacións de espazo que se derivan dun traballo deste tipo. Sabemos dos afectos sinceros e dos bos sentimentos que nos fixestes chegar, e por iso, a cabalo dos tempos compartidos, agardamos que nestas páxinas atopedes retallos e emocións que fagades propias.

Obrigado é tamén amosar a nosa infinita gratitude á Fundación Terra e Tempo; polo rigor e a paciencia, mais sobre todo, pola disposición e o agarimo que fixeron posíbel que este *Lois Obelleiro: compromiso e loita* estea hoxe nas vosas mans. Agarimo, compartido, sen dúbida, con todas as persoas que participaron del. Como diría Lois: «sodes uns campións».

Concluimos cunha ollada en perspectiva. De certo, dez anos despois, avanzamos, tamén en Soutomaior, neses camiños de luz. Gústanos pensar que hoxe Lois estaría orgulloso de como estamos a facer as cousas e crédenos que nos esforzamos día a día por estar á altura e por prender esas faíscas que nos deixou por cada recuncho: militancia, proxecto, alegría, constancia...

Malia todo, e por máis que a mudanza dos tempos e os atrancos aí estean; sentimos que dalgún xeito fomos quen de crear en Soutomaior un proxecto ilusionante e cheo de vida. Un proxecto para o noso concello cimentado sobre os piares sólidos da confianza nesta nación e nas súas clases traballadoras. Un proxecto



imposíbel de entender sen a presenza de Lois Obelleiro en cada unha das nosas pisadas. Cremos en nós mesmos e loitamos para que, máis antes que despois, Soutomaior poida saír de tanta escuridade e recuperar tanto tempo perdido.

Invádenos, ao termos este traballo nas mans, unha sorte de sensación do deber cumprido. Semella como se dalgún xeito quixeramos devolver a Lois todo canto aínda no día de hoxe nos aporta. Abofé que este traballo ten moito diso, de homenaxe, tan xusta como sentida. Mais se nalgo acreditamos é en que a nosa verdadeira homenaxe é ben outra. A nosa verdadeira homenaxe é o firme compromiso de continuar os camiños de luz dos que falamos ao iniciar este artigo. Diciamos que hai persoas que enchen de luz todo o tempo que habitan. Compañeiro Lois, ten ben por seguro que a túa luz, vive en nós.

Lois Obelleiro, a loita continúa!

Soutomaior, xaneiro de 2018

Manu Lourenzo

Portavoz municipal do BNG de Soutomaior

Sumario

- 6 Francisco Xabier Obelleiro Piñón
María Obelleiro Hermida**
Lois o neno
- 10 Francisco Xesús Jorquera Caselas**
Lembrando a Lois, meu amigo
- 14 Xosé Ramón Álvarez Fuentes
Francisco Vilán Martínez**
Lazos fondos e permanentes
- 18 Guillerme Vázquez Vázquez**
Lois Obelleiro. Paixón pola nación
- 22 Manuel Mera Sánchez**
Lois Obelleiro. Lembranza dun camarada excepcional
- 28 Rafael Iglesias García
Manuela Novoa Pérez**
Lois Obelleiro. Relato de lembranza dun cadro nacionalista
- 32 Duarte Correa Piñeiro**
Un militante nacionalista de vangarda, un construtor da nación
- 38 Fernando Herrero Caramés**
Sempre un mestre
- 42 Juan Antonio Fernández Martínez, «Sambade»**
Unha sinxela fotografía da longa película que foi Lois Obelleiro
- 46 Manuel Lourenzo González**
Luís, sempre aí
- 54 Francisco García Suárez**
Lois Obelleiro, con luz propia
- 58 Xabier Abalo Costa**
Lois Obelleiro, un motor no avance cualitativo do BNG na acción municipal
- 62 Francisco Rodríguez Sánchez**
Benquerido Lois, seguimos no empeño
- 66 Miguel Anxo Fernández Lores**
Lois Obelleiro: construtor de esperanza
- 70 Ana Pontón Mondelo**
Lois Obelleiro, confianza na nación



FRANCISCO XABIER OBELLEIRO PIÑÓN

Mestre e músico

MARÍA OBELLEIRO HERMIDA

Xornalista

Lois o neno

Naceu un 4 de xullo de 1953 na casa familiar de Pierres, na encrucillada da vella estrada nacional 550 Tui-A Coruña e de Arcade-Amoedo ou Ponte Caldelas. Desde moi neno sentía curiosidade por todo. Era un apaixonado do saber, a todo lle tiña que atopar resposta. A tenda dos nosos avós, Piñón e Consuelo, foi unha porta aberta á aprendizaxe da vida. Era frecuentada por mariñeiros, labregos, xente da emigración a Europa e aos mares de medio mundo, os operarios das fábricas de Pontesa, Cerámicas, Carbuos... a todos interrogaba.

Coñecía as letras de tanto preguntarlle a mamá Lola «como se chama esta letra? E como se di?», ao cabo dun tempo mamá Lola decatouse de que lía pequenos textos e aínda non acudira á escola. Coas caixas do mistos que vendían os avós no estanco, aprendeu as bandeiras do mundo e recoñecía o país e a súa situación xeográfica no mapamundi que mercaran os nosos pais.

Chegou logo o ensino regrado, as súas primeiras letras. Foi no lugar da Devesa, na escola de don Antonio. En todas as xuntanzas familiares, xorden aínda nostálgicas lembranzas deses anos tan fermosos, onde ollos grandes e abertos escintilaban brillos de ledicia.

Da escola e do barrio xurdiron as primeiras e fondas amizades da nenez, que foron configurando o seu cosmos. Como calquera neno da época, os xogos tradicionais, como a buxaina, as bólas, o pincho, a billarda, as agachadelas, a pita..., son momentos de troula, imaxinación, ilusión e dun voar nas ás dun vento ceibe. As voltas de chimpo de gato que nos daba aos irmáns levaron a Sesé á de don Eduardo para lle dar cinco puntos na



cabeza. Tamén as sobriñas e sobriños o lembran facéndolles viravoltas.

A escola foi como unha prolongación dos grandes valores educativos que os nosos pais transmitían no fogar. Alí destacaba pola súa seriedade, responsabilidade, traballo, solidariedade e valía académica. Era brillante. Ávido lector, estivo marcado pola voz solermeña e agarimosa da nosa nai, cando nos anoiteceres antes de ir á cama, lle lía ou contaba un conto. A biblioteca familiar era un remanso de paz onde o Luís neno pasaba horas e

«A escola foi como unha prolongación dos grandes valores educativos que os nosos pais transmitían no fogar. Alí destacaba pola súa seriedade, responsabilidade, traballo, solidariedade e valía académica. Era brillante»

horas lendo. Mais como nas casas do mundo rural galego, o coidado do gando e outras das tarefas agrícolas eran compartilladas por todos os membros da familia, seguindo o ronsel dun traballador incríbel que era Cota, o noso pai. Ir ao monte, ás fincas e coa vaca era habitual para os maiores dos irmáns cando despois querían facer algún plan.

Aos 10 anos foi estudar aos Xesuítas na cidade de Vigo. Alí transcorreron os anos de estudo até a universidade. A súa primeira etapa nos Xesuítas non foi doada, pois estivo interno. Ao pouco, cando accederon os seguintes irmáns, pasou a ser medio pensionista. Eran épocas de madrugar para facer o percorrido Arcade-Vigo. Lois, Sesé e Fernando erguíanse ás 6.15 h para marchar con Cota. As mulleres que se ocupaban das tarefas da limpeza do colexio permitíaos entrar antes ás aulas, se querían, para que non se mollasen fóra. Voltaban ás 19.30 h no autobús Aurelio García, que non regresaba a Arcade até as 21 h.

Academicamente, estivo moi marcado por un ensino innovador e de alta cualificación para os anos grises en que se vivía. Os valores transmitidos desde



Lois Obelleiro, primeiro pola esquerda coa súa familia a mediados da década de 1960

a casa e a nova escola marcaron a súa personalidade baseada na enteireza, xenerosidade, humildade... Porén, chea de rebeldía e dunha afouteza sen límites.

Nos Xesuítas impactáronlle as charlas de cregos progresistas con matices socializantes, e do amor e liberación de todas as formas de opresión, con certo compromiso político. No colexio axiña se decatou da estratificación social, da división xerárquica baseada nas diferenzas de ingresos, riquezas e recursos, e dáse de conta do esforzo económico dos nosos pais.

O choque máis impactante para un neno galego falante do rural era que o seu mundo de verbas de cores, paisaxes fantásticas e de ensoñación viña abaixo como un castelo de area á beira do mar. A burguesía acomodaticia da cidade déralle o lombo á lingua da cerna da nosa terra, e os seus fillos trataban de xeito pexorativo a quen a mantiña. Só a súa brillantez académica foi quen de revertir e normalizar unha inxusta situación.

Coa escola dos Xesuítas foi seleccionado para participar no concurso de televisión española «Cesta y puntos», no que estudantes de bacharelato de colexios de todo o Estado español competían con preguntas culturais e práctica de baloncesto. O bar dos nosos avós encheuse para ver a Lois na televisión. Viñera de Madrid cargado de agasallos, entre eles un coche teledirixido, todo un acontecemento no Arcade da época.

O atletismo era o seu deporte preferido, apoiado polo seu profesor Manuel Augusto Alonso, e o fondo apaixonábao, mais tamén fixo salto de pértiga, valados... Xa en Arcade participou do equipo de baloncesto de Pontesa. Tamén gustaba do fútbol, e do Barcelona. Quizais o seu apego polo Barça tiña a ver con levarlle a contraria a noso pai,

que apoiaba o Madrid. Eran célebres os partidos que disputabamos os irmáns e amigos na estrada. O primeiro balón de coiro que tivemos regalárono os da adega Sotelo Naval da Rúa de Petín, que era quen lle levaba o viño á tenda dos nosos avós. Os irmáns sempre estabamos a xogar na estrada. Cada vez que se oía frear un coche, unha tía saía correndo á rúa por se atropelara algún de nós.

Moi salientábel, sendo bacharel, é a súa reivindicación pola desfeita que se producira coa igrexa románica (s. XII) en Arcade. As súas denuncias contra a pasividade das forzas vivas, tristemente, caeu en saco furado. Esta loita orixinouse polo seu amor á arte, en gran parte debido a don Hipólito de Saa Bravo.

Luis era o maior de sete irmáns –o propio Lois, Sesé, Fernando, Carlos, Rosa, Quico e Estanis–, polo tanto, familia numerosa, onde partillar experiencias, colaborar e estar pendente dos máis pequenos era o normal. As viaxes no Renault Ondine dos nove á Ribeira do Ulla, a Fraguas e a Sabucedo fan agromar lembranzas cheas de tenrura, recendos fuxidíos, risas e choros, un pasado inesquecible onde o ronsel de ledicias, aloumiños e felicidade fainos

«Cando participou no programa "Cesta y Puntos", o bar dos nosos avós encheuse para ver a Lois na televisión. Viñera de Madrid cargado de agasallos, entre eles un coche teledirixido, todo un acontecemento no Arcade da época»



Lois Obelleiro –segundo de pé pola dereita– cos irmáns e os pais en 1997

brincar o corazón. Ao igual que nos facía brincar un dos momentos máis emocionantes do ano cando eramos crianzas: as visitas dos Reis Magos en Vigo organizadas para os traballadores da Caixa de Aforros de Vigo. Á par que o altofalante comunicaba «Familia Obelleiro Cota», os sete irmáns iam cara aos reis para recollermos das súas mans o agasallo. Logo chegaban as anécdotas sobre o rei «branco», baixo o que se ocultaba Davila, un amigo da familia, traballador de Caixavigo, que preguntaba quen era o rapaz que lle comía os plátanos ao avó Piñón e que anos máis tarde sería o rei da seguinte xeración de Obelleiros, que seguiron acudindo a aquel acto máxico organizado pola caixa.

Despois chegarían os tempos da política e as sobremesas en que os irmáns e a irmá aprendiamos tanto. E veu o tempo en que formou a súa familia con Merita e Xurxo. Coa Meri que vía á distancia cando os dous estaban nas terrazas das casas das súas respectivas familias casou o 27 de setembro de 1980 en Arcade. Oficiara a cerimonia Francisco Carballo, con quen tantas vivencias compartira. Apenas un ano despois, o 20 de setembro

de 1981 nacía Xurxo, aquel bebé louro que o acompañaba nas xornadas maratonianas de preparación das oposicións, aquel bebé que, no berce, pasaba as horas xogando cos folios que xa estudara o pai mentres Meri traballaba na Cruz Vermella de Vigo, aquel neno que, anos máis tarde, acompañaría o pai nos Día da Patria Galega en Santiago e en tantos e tantos actos e manifestacións do BNG.

Non tardou en aprobar as oposicións e marchar para o seu primeiro destino, Fene, de alí a Ribadavia e despois para O Porriño e Tui. A súa praza definitiva estaba no Torrente Ballester, «O Quinto», de Pontevedra. Nos andeis da biblioteca da casa que compartía con Meri e Xurxo aínda descansan os cadernos coas notas do alumnado. Unhas notas que eran a antesala dos días de ferias que nos levaban a percorrer con el toda Galiza para coñecer as xoias do Románico, baixo as protestas do fillo e das sobriñas: «Sempre igrexas e mosteiros!», laiábanse. Hoxe agradecen a aprendizaxe e o apego pola nación que deixou en todas elas e eles. A mesma aprendizaxe e o mesmo apego que nos deixou aos irmáns un Lois que foi, e segue a ser, guía e referente para cada un de nós. ●



► Foto de campaña das eleccións municipais de 1999

FRANCISCO XESÚS JORQUERA CASELAS

Presidente da Fundación Galiza Sempre

Lembrando a Lois, meu amigo

A Quin case lle dá un ataque. Ás 0.00 horas do 22 de febreiro comezaba a campaña das Eleccións Xerais cun acto no salón de actos do Hotel Araganey. Estaba prevista unha conexión de televisión e a min tocábame «facer de teloneiro», intervindo ata que me fixesen un sinal e entón deixar paso a Anxo Quintana para que entrase en directo.

Non era a primeira vez, e tampouco sería a última, na que tiña que «estirar» a miña intervención esperando a que chegase o «directo». Nunha ocasión faltaba aínda tanto tempo que non dubidei en facer unha parodia dende a tribuna lembrando un vello chiste de Perich:

Donas, cabaleiros, compañeiros, compañeiras, amigos, amigas...
Serei breve, concreto, conciso, sucinto. Evitarei as palabras baleiras e a retórica vacua. Tamén evitarei as repeticións, fuxindo de reiteracións innecesarias para ir ao gran, é dicir, ao miolo do asunto. En definitiva, serei lacónico, sumario e directo, separando na miña intervención a palla do trigo, evitando circunloquios, palabras e frases superfluas, para ir directamente á cerna da cuestión...



Mais aquel día a Quintana case lle dá o ataque. Eu tiña que falar como mínimo quince minutos e a duras penas dei falado cinco. Faltábanme as palabras, non tiña forzas nin ánimo para falar, e decidín poñer fin á intervención. A miña mente estaba lonxe. Ese día morrera Lois Obelleiro.

Hoxe, dez anos despois, de novo resúltame difícil falar ou, neste caso, escribir. Calquera consideración que poida facer sobre Lois Obelleiro, sobre a súa valía política ou a súa competencia como profesor e historiador, fica opacada pola súa calidade

«Con Lois Obelleiro compartín moitas vivencias políticas, en tempos de tempestade no nacionalismo. Era unha persoa de conviccións profundas mais ao mesmo tempo aberta e flexíbel, buscando sempre os puntos en común»

como persoa e, no meu caso, polo profundo afecto que sentía por el. Lois era ante todo, e por riba de todo, *o meu amigo*.

Con Lois Obelleiro compartín moitas vivencias políticas, en tempos de tempestade no nacionalismo. Era unha persoa de conviccións profundas mais ao mesmo tempo aberta e flexíbel, buscando sempre os puntos en común.

Teño coñecido a moitas persoas que confunden ter conviccións firmes coa rixidez e o dogmatismo. Son ríxidas como un cristal, e por iso en moitas delas as súas conviccións acabaron escachando en mil anacos como os cristais.

Lois Obelleiro non era así. Lois era flexíbel como un xunco e, como os xuncos, sempre estaba aí, resistindo ventos e temporais, coas raíces ben plantadas.

Mais con Lois tamén compartín moitos risos. No Dezaseis, Suso xa nos tiña reservada «a mesa do Bloque». Alí acudiamos a xantar acotío, entre outros, Xabier Abalo, Pancho Pillado, Lois Obelleiro e mais eu. Daba igual que fose un día duro e cheo de tensión, os nosos risos xa eran coñecidos en todo o local. Aqueles xantares eran auténticas sesións de terapia.



Lois Obelleiro na mesa da X Asemblea Nacional do BNG. 2002

«Lois Obelleiro era unha persoa formada, culta, intelixente e profunda. Pero Lois non alardeaba, era a antítese do egotismo e o posturo propio destes tempos. Lois non ía de nada, era humilde e traballador como un labrego»

Como aquel día en que Lois nos contou que, estudando en Santiago, un día emocionouse cando uns amigos o invitaron a que esa noite fose polo seu piso porque ían *levar unhas chinás*. Alí apareceu Lois e mentres os amigos empezaron a pasar un *canuto* tras outro, Lois, impaciente, non paraba de mirar o reloxo porque as *chinás* non daban chegado.

Rin con ganas. Rinme de min mesmo, porque lembrei que sendo estudante, cando un alumno protestou porque a policía lle pedira a documentación por levar uns «librillos» eu deille a razón con moita énfase porque era un escándalo «que a literatura fose motivo de persecución policial».

Lembro tamén cando nos contou que, dando aulas, un día fíxolle un exame oral a un rapaz:

«Que é o megalitismo?». Preguntou Lois.

«Home galitismo? O home galítico, da *Gallaecia*. Os galegos da época dos romanos». Contestou o rapaz todo cheo de razón.

Teño para min que o humor é un síntoma de intelixencia e Lois tiña intelixencia, humor e ironía a esgalla.

Lois Obelleiro era un deses homes que loitan toda a vida, aos que se refería Bertolt Brecht. Pero sen necesidade de buscar referencias tan lonxe no tempo e no espazo, Francisco Rodríguez, referíndose a Lois, dixo que «hai persoas que representan xenuinamente o mellor do espírito dun pobo». Non podo estar máis de acordo.

Para ilustrar por que Lois representaba o máis xenuíno e o mellor do espírito do noso pobo venme á memoria unha última anécdota. Contaba Lois que en 1977, na primeira campaña electoral, tocoulle intervir nun acto do BN-PG nun concello do interior de Pontevedra. No cartaz anunciador do acto figuraba entre a relación de intervintes Lois Obelleiro (labrego). Cando os oradores estaban xa sentados na mesa, Lois estrañouse ao ver entrar no local a unha tía súa. A muller sentou e cando ían empezar a falar levantou a man e dixo moi ofendida: «Quero aclarar que o que poñedes no cartaz non é certo. Lois non é labrego, que Loisiño é moi instruído!».

Quen non estaba no certo era a tía de Lois. Porque Lois Obelleiro efectivamente era moi instruído. Era unha persoa formada, culta, intelixente e profunda. Pero Lois non alardeaba, era a antítese do egotismo e o posturo propio destes tempos. Lois non ía de nada, era humilde e traballador como un labrego.

Volvendo a Bertolt Brecht, Lois era un dos imprescindíbeis, por iso a súa ausencia deixou un baleiro tan difícil de encher. A ausencia do meu amigo. ●



Lois Obelleiro adestrando co equipo de rugby na universidade



Lois Obelleiro durante a visita aos campamentos do Sahara



► Lois, 2.º pola dereita de pé, co equipo de fútbol do Torneo de Peñas

XOSÉ RAMÓN ÁLVAREZ FUENTES

FRANCISCO VILÁN MARTÍNEZ

Amigos e compañeiros do BNG

Lazos fondos e permanentes

Non é doado falar de Lois. Un amigo deses que encheu tanto espazo nas nosas vidas. Un «campión», como el sempre dicía, que dalgún xeito, inzou as nosas vidas de momentos que lembramos e revivimos impregnados da súa presenza. Momentos de conversa, de compañía, de loita e de festa... sempre marcados por ese amor ao país que habitaba en todo o que Lois facía. Lois foi unha desas persoas que encheu as nosas vidas de cousas boas. Sempre dende a sinxeleza e a alegría, sen sermos case conscientes de tantos momentos intensos que vivimos con el.

Por iso, falar hoxe de Lois, 10 anos despois da súa ausencia, é revivir unha parte feliz das nosas vidas. Mentres preparamos este artigo, enchíanos a emoción ao ver os vídeos de Lois (gravados en vhs) na casa de Dolores. Vídeos de tantos actos e de tantos momentos nos que o compañeiro, o amigo, nos sorrí cheo de forza e de vida. A forza e a vida que tivemos a sorte de compartir e que estará sempre con nós. Que forma parte da nosa amizade.



Se cadra por iso afrontar esta folla en branco supón empezar destacando que Lois era un grande amigo dos seus amigos. Estar con el era estar aprendendo, convivindo con esa gran capacidade, intelectual e política. Un home sempre de boas palabras que ante calquera problema sempre tendía pontes.

Cecais por esa intensa actividade, en moitas ocasións, non sempre tiña todo o tempo que quixera para gozar cos seus amigos dos momentos de lecer; pero sempre trataba de atopar un intre por onde fora.

Os sábados eran o noso día. Un día importante para o noso lecer. Aínda que eran moitas as ocasións nas que Lois tiña que estar en Santiago, en xuntanzas, Consellos Nacionais; sempre conseguía saír ás présas para poder chegar (moitas veces sen sequera tempo para comer) e xogar o partido co equipo de veteranos. Primeiro foi o Galicia, máis tarde o Verduxo.

E era entón, xogando ao fútbol, cando toda aquela enerxía se traducía nas grandes carreiras que se pegaba polas bandas. Alí rexurdía o atleta que foi de neno. Nunca se cansaba...

Despois de pegarnos «a sudada» iamos ao noso terceiro tempo cos compañeiros. Alí tomabamos unhas cervexas e uns «pinchos» para recuperar-nos. Claro que despois do terceiro tempo, viña o cuarto, que era o que máis nos gustaba. Case sempre o celebrabamos en Soutomaior, no barrio do Val, na casa de Maruxa e do sempre lembrado Juan. Alí quedabamos con toda a peña... con Agustín, Maribel, Pepe, Lucho, Carlos. En moitas ocasións tamén nos acompañaba Tirso, a pesar dos seus noventa e tantos anos.

«Lois era un grande amigo dos seus amigos. Estar con el era estar aprendendo. Convivindo con esa gran capacidade, intelectual e política. Un home sempre de boas palabras, que ante calquera problema, sempre tendía pontes»



Lois Obelleiro, primeiro pola esquerda, tocando con amigos e veciños de Soutomaior

Manolo Carabel, empezaba a abrir algunhas botellas de albariño. Dona Antonia, Don Manuel e Dona Maruxa, coa súa eterna amabilidade, preparábanos unhas tortillas ou unhas conservas e alí empezaban as tertulias. Tertulias que se prolongaban durante horas; non en van moitos daqueles compañeiros gozaban xa das súas merecidas xubilacións despois de tantos anos de traballo.

Naquel equipo, Lois era tamén o gran líder. Todos os amigos gozabamos do momento, dos viños e das comidas; pero sobre todo da súa

«Os sábados deixaron bos momentos que quedarán na nosa lembranza para sempre e que marcaron unha etapa das nosas vidas. Unha etapa na que Lois foi unha presenza alegre, leal e sincera, como son as presenzas dos mellores amigos»

sabedoría e da súa sinxeleza. Falabamos de todo: de política, de viños, da historia do noso concello... As horas pasaban voando, e en tantas ocasións, tiñamos que chamar ao «taxista Xurxo», que nos viña buscar porque «se bebas, non conduzas».

Tamén tiñamos grandes comidas e ceas preparadas polo gran mestre de cociña Lucho. E naquela sobremesa non faltaba o dominó con Carabel, Juan, Pepe e Vilán que eran os especialistas; e os outros durmían a sesta debaixo da vide.

Así pasaban os sábados, con tantos destes bos momentos que quedarán na nosa lembranza para sempre. Que formarán parte das nosas vidas para sempre e que, dalgún xeito, marcaron unha etapa de todas as nosas vidas. Unha etapa na que Lois foi unha presenza alegre, leal e sincera, como son as presenzas dos mellores amigos.

Amigos que vivimos unha época de lazos fondos e permanentes. E por iso, queremos pechar este artigo tendo tamén unha lembranza para outros deses amigos do grupo que hoxe non están con nós; para Juan «o Coxo» e para Tirso. Esteades onde esteades os tres, nunca vos esqueceremos. ●



Lois, agachado, terceiro pola dereita, nun partido co equipo de rugby a mediados da década de 1970



Lois cos seus amigos na cafetaría Flope de Arcade, lugar no que realizaban diversas xuntanzas e tertulias



► Meri e Lois nos Picos de Europa.
Principios dos anos 90

GUILLERME VÁZQUEZ VÁZQUEZ

Foi Portavoz Nacional do BNG

Lois Obelleiro. Paixón pola nación

É sabido que non é doado escribir sobre unha persoa falecida. Calquera loubanza corre o risco de semellar esaxeración. Tampouco axuda o paso do tempo. Hai lembranzas que inevitablemente van perdendo nitidez, cando non acaban desaparecendo, máis aínda se a memoria non é alá moi boa. E, porén, Lois Obelleiro foi unha desas persoas que segue presente no recordo de moitas persoas, tamén no meu, porque deixou unha pegada dificilmente borrable. Obelleiro foi unha de esas persoas que fan parte da lexión dos bos e xenerosos, dos imprescindíbeis, dos que dedicaron toda unha vida, inxustamente curta, a loitar por facer real o mellor dos soños posíbeis: a Galiza soberana na que poder vivir e traballar con dignidade.



Lois foi paixón pola nación, paixón polo idioma, a cultura, polo estudo e difusión da historia negada. Paixón polos dereitos laborais e sociais das clases populares, pola defensa das liberdades democráticas. Un nacionalista de cabeza e corazón, un patriota entregado en corpo e alma á defensa dunha nación, que como Bóveda, amaba apaixonadamente. Consciente da necesidade da organización, política, sindical, cultural ou veciñal, da organización do povo galego, como elemento imprescindible para poder enfrontar cunha mínima posibilidade de éxito a inxente tarefa.

Na UPG ou na AN-PG, no BNG ou na UTEG e a CIG; Obelleiro xogou un papel de primeira orde na creación e consolidación do nacionalismo organizado. Na clandestinidade ou na «democracia». Militantemente, con esa militancia hoxe pouco de moda, mais imprescindible para facer avanzar, neste noso país, a causa da liberación nacional e social, contra a hostilidade manifesta do poder económico, político ou mediático.

Como os carros dos que gostaba, Lois era un todoterreo. Apoiando loitas obreiras ou mariñeiras,

defendendo causas medioambientais, implicándose na defensa da lingua e a cultura galega ou organizando a Semana da Filosofía; el sempre estaba alí onde podía botar unha man. Activamente, dedicando, como antes dicía, literalmente toda a súa vida, até o último alento. Nin sequera a cruel doenza que prematuramente o acabou levando puido dobrigar a súa inquebrantable vontade. Pasado un máis que difícil tempo de hospitalización e tratamento, calquera de nós, eu seguramente, nos teríamos repregado, mais el non. Tan pronto puido,

«Na UPG ou na AN-PG, no BNG ou na UTEG e a CIG, Obelleiro xogou un papel de primeira orde na creación e consolidación do nacionalismo organizado. Na clandestinidade ou na "democracia", con esa militancia imprescindible para facer avanzar»



Lois Obelleiro en Corea do Norte nunha viaxe organizada pola Aula Castelao de Filosofía

volveu á actividade política e social, persistiu no seu empeño de empurrar o carro da causa nacionalista até que as forzas lle fallaron definitivamente.

Lembro a Obelleiro como unha persoa sinxela, popular, «normal». Cunha sólida formación académica e política da que nunca facía ostentación, menos aínda a usaba para establecer distancia ou relación de superioridade co pobo no que se movía como peixe na auga. Nin intelectual elitista, nin político de salón, por dicilo dalgún xeito, máis ben de fútbol e bar. Nada estraño pois que outra das súas virtudes fose a súa grande capacidade de relación social da que gostaba e gozaba. Era doado percibir que era querido e apreciado, nomeadamente no ámbito do seu Soutomaior. Lembro sempre con aquelas mozas de Pontesa, inquebrantables, ao seu carón. Capacidade de relación social que sen dúbida facilitaba o feito de ser unha desas persoas que rachaban co estereotipo, que xusta ou inxustamente, existía, e aínda existe, na sociedade galega sobre a/o militante nacionalista. Defendía firmemente as súas ideas, mais facíao sen dogmatismo, sen sectarismo, e

consegua transmitilas sempre cun sorriso. E sempre a retranca como arma eficaz para demoler argumentos que non compartía.

Porque o seu sentido do humor era outro dos trazos característicos dunha personalidade singular. Sentido do humor, todo hai que dicilo, ás veces pouco comprendido e apreciado por compañeiros/os de organización. «Xa está Obelleiro de carallada» dicían algúns sobre o seu humor tan relaxante como necesario no medio dun mar de «transcendencia». Capaz de quitarlle importancia,

«Nin intelectual elitista, nin político de salón, por dicilo dalgún xeito, máis ben de fútbol e bar. Nada estraño pois que outra das súas virtudes fose a súa grande capacidade de relación social da que gostaba e gozaba»



Lois Obelleiro traballando durante a visita a Corea do Norte

sen quitarlla, a case que todo; de rirse de si mesmo e de nós todos, sen que fose burla ou menosprezo. Sempre unha bocalada de aire fresco no medio de tanta «denegritude».

Temos rido un pouco naquelas andanzas pola comarca na busca de, como el dicía, «fenómenos» que sumar á organización. Mantido tan serias como divertidas conversas naquelas viaxes semanais Pontevedra-Santiago para asistir a aquela «permanente», naturalmente a «permanente burra» na que voluntariamente nos autoincluíamos fronte á «permanente lista» sempre en posesión dunha verdade tan absoluta que lle impedía escoitar outros puntos de vista. Ou da norcoreana filosofía zuche convertida en receita capaz de resolver calquera problema por difícil ou complexo que fose.

Era un alicerce da organización mais tampouco actuaba como tal, nin facía ostentación. Sempre discreto, pouco ou nada dado á exposición mediática. Elixía estar en segundo plano, na sá de máquinas, facéndoas funcionar, sen ningunha ambición por ocupar postos de representación institucional, nun

momento político no que outras/os moitas/os compañeiras/os, con ben menos méritos ca el, abríanse paso a cobadazos por conseguilos.

Unha persoa cunha enorme vitalidade, que amaba e gozaba do modo de vida que voluntariamente elixiu. E sempre optimista, e sempre amigo dos seus amigos. Lembro, por exemplo, a súa querencia por Bautista Álvarez, un dos imprescindíbeis nos actos políticos en Soutomaior. Un Bautista que sempre chegaba con tempo sobrado a aquel Flope, punto de encontro, e que o saudaba con aquel característico «que Obelleiro, que?».

Lois Obelleiro certamente foi unha persoa singular, un pilar do nacionalismo organizado, foi firmeza e amabilidade, foi coherencia entre o que se di e o que se fai, foi honestidade e entrega, foi exemplo e mestre para moitas e moitos. Exemplo que merece ser lembrado, que merece ser seguido. ●



► Lois, Meri e Xurxo
nos Picos de Europa

MANUEL MERA SÁNCHEZ

Director da Fundación Moncho Reboiras para o Estudo e a Divulgación da Realidade Social e Sindical de Galiza (FESGA)

Lois Obelleiro. Lembranza dun camarada excepcional

Cúmprese unha década do falecemento de Lois Obelleiro Piñón. No acto organizado daquela na súa homenaxe, mentres os gaiteiros tocaban o antigo himno do Reino de Galiza, escoitei numerosas verbas de agarimo e dor. Mesmo a moitos, caeunos algunha bágoa pola emoción do momento, polo camarada co que compartimos anos de loita contra a ditadura e desexos de cambios profundos que non chegaron coa democracia, e polos que seguimos loitando.

Era a tristeza que causa a perda dun compañeiro e amigo, aínda que el foi dos que deixou semente. O aprezo e respecto por Lois Obelleiro amosouse no milleiro de persoas que acudiron a aquel acto de recoñecemento e despedida (máis do primeiro que do segundo), tanto por parte de familiares, como de veciños/as e persoas do ámbito do nacionalismo, vidos de todos os recunchos da Nación Galega.

Lois Obelleiro morreu aos 55 anos de idade, despois dunha longa enfermidade. E con el perdeuse un cadro político do nacionalismo, que sen dúbida estaba chamado a ter un protagonismo moito maior. Era unha persoa animosa, con xenio, e cun permanente sorriso nos beizos. Sempre aberto ao diálogo e ao debate, desde unha firmeza nacionalista e un compromiso social inquebrantábeis. Díxeno nun artigo que publiquei daquela, e repítoo hoxe: coido que debeu ocupar funcións de maior responsabilidade política, máis cedo e máis tempo. Porén, moitas veces estas cousas vainas marcando a complexa vida interna das organizacións. Asemade, cómpre remarcar que era un



compañeiro que se preocupaba da formación teórica, algo ao que sumaba a súa práctica no ámbito sindical, veciñal e municipal.

Ademais foi autor de varios libros de texto en galego, algúns con Bieito Alonso, así como colaboracións no aspecto histórico, por exemplo no *Terra e Tempo* números 1 e 3 da segunda etapa. Canda outros historiadores, elaboraría tamén unha *Historia Xeral de Galicia* na editorial A Nosa Terra. Nunha entrevista que lle facía este semanario, no número do 22 de agosto de 1996, en relación coa

«Era unha persoa animosa, con xenio, e cun permanente sorriso nos beizos. Sempre aberto ao diálogo e ao debate, desde unha firmeza nacionalista e un compromiso social inquebrantábeis»

Guerra Civil e a represión da ditadura e co gallo dun acto no concello de Soutomaior, manifestaba «que coidaba que estas iniciativas debían ter continuidade noutras localidades». E afirmaba deseguido: «Non para abrir feridas, senón para recuperar o orgullo da poboación e dos familiares por aqueles que non fixeron máis que defender a liberdade e a democracia». Engadía:

O 36 é importante polo que supón de recorte no desenvolvemento natural do país (...) o PP impediu que saíse adiante unha moción do BNG referida ao caso de Bóveda, e tamén a rehabilitación social de todos/as os veciños represaliados.

Esta foi outra faceta da súa contribución militante.

No plano persoal, sempre tivemos unha moi boa relación. Aínda que houbo algúns aspectos nos que mantiñamos diverxencias, eran máis fortes os anos de militancia en común e as coincidencias, especialmente na folga de ruta, nos obxectivos, nos métodos de traballo. Estiven moitas veces na súa casa, sobre todo nos primeiros anos. Coñecía a



Lois, segundo pola esquerda durante a presentación da obra *Historia de Galicia* da editorial A Nosa Terra

Emérita («Meri»), a súa muller. Ambos partillaban inquiredanzas políticas e militancia. Cómpre lembrar que ela foi unha persoa chave para a introdución da Intersindical Nacional Galega (ING) no hospital da Cruz Vermella de Vigo, na que foi delegada pola central sindical.

Obelleiro participou activamente nos primeiros pasos do Sindicato Obreiro Galego (sog) e da ING, especialmente en Soutomaior e nos concellos veciños. Tamén formou parte dos organismos de dirección provinciais da central sindical. Tocoulle vivir o trago amargo da loita do «can e a vara», que no ano 1977 dividiu os/as mariscadores a pé e os que rastrexaban desde os barcos con motor, dando lugar a unha confrontación de intereses alentada en boa medida, tanto polo poder, como polos intereses partidistas de Comisións Mariñeiras; xa que esta última privilexiou tirar tallada do tema. O conflito conmocionou a ría de Vigo. A ING procuraba una síntese entre os sectores confrontados que, hai que recoñecelo, só era viábel no papel. Faltaba folla de ruta, e polo tanto un maior traballo explicativo previo. Este déficit tivo un custo sindical e político naquel intre. Obelleiro, acatando a disciplina, non deixou de sinalar as eivas e atrancos da estratexia, como tamén o fixemos outros. Mais non valeu de moito, diante dos razoamentos técnicos dalgúns compañeiros da dirección que se esgrimían como definitivos.

Asemade, lembro como en 1977, cando iniciamos dende Vigo a extensión da ING ao resto da provincia, foi el quen me presentou aos irmáns Parra e a Manola Novoa, que traballaban en Pontesa. Aumentamos axiña a afiliación na empresa, grazas ao seu traballo e a que foron quen de conectar cos

mozos e mozas que representaban a vangarda da fábrica. A militancia de Obelleiro foi decisiva para contactar e afiliar noutras empresas, como as do grupo téxtil Regojo, en Soutomaior e en Amoedo (Pazos de Borbén). Tivo asemade un papel destacado nos conflitos deste grupo en 1978-1979, xunto con Uxío Chapela, que era a persoa de referencia na empresa en Redondela e delegado da ING. Ademais, grazas ao seu traballo militante, conseguimos afiliados/as en Carburos Metálicos de Arcade, e noutras empresas da bisbarra. Como consecuencia deste medre na afiliación, abrimos un local en Arcade que funcionou durante varios anos.

No ámbito partidario, penso que el foi o encargado da organización do primeiro congreso da Unión do Povo Galego (UPG), convocado en Arcade. Era o mes de agosto de 1977. A Garda Civil impediu a súa realización. Lembro con que agresividade actuaron contra Bautista Álvarez e outros compañeiros e compañeiras. Coido que estes trataron de atraer a atención para pór de manifesto a arbitrariedade da acción represiva, e sobre todo, para que os/as demais puidésemos marchar sen problemas

«Obelleiro participou activamente nos primeiros pasos do Sindicato Obreiro Galego e da ING. Tamén formou parte dos organismos de dirección provinciais da central sindical. Tocoulle vivir o trago amargo da loita do "can e a vara"»



Fotografía de campaña das
eleccións municipais de 1995

e sen ser identificados. Deste xeito, garantiron que o congreso se terminase de realizar (clandestinamente) ese mesmo día no que fora unha granxa de polos en Budiño (O Porriño).

Non quero esquecer un incidente en outono de 1977, cando un empresario e alcalde de Ponte Caldelas xunto con algúns esbirros seus agredíunos nun bar da vila. Foi a súa resposta violenta, caciquil, despois de que Lois Obelleiro e Sobral, un compañeiro do sog de Pontesa, retornasen dunha visita á fábrica deste patrón en Caritel. Foron alí, porque había contactos e querían aproveitar o tempo de bocadillo para lles ofrecer apoio aos traballadores/as para mellorar as condicións laborais. Xunto con Graña, un compañeiro de Planosa (empresa do sector químico en Vigo onde ambos traballabamos) tiña que esperar no bar a que volvesen. Malia que o tempo borra detalles da memoria, lembro que Obelleiro e Sobral devolveron golpe por golpe. Os dous eran mozos fortes, deportistas.

O enfrontamento non se considerou menor pola ING e tratouse no *Eixo* n.º 13, do mes de novembro. Destacábase na nova, que Paz Ameixeiras, dono da

empresa e alcalde da vila, tivera ademais unha actitude agresiva contra a folga da madeira en Ourense. Que na súa empresa de Caritel (Ponte Caldelas): «...non dá de alta á xente na Seguridade Social, fanse xornadas de traballo de 10 e máis horas, e as estras páganse a prezos ridículos». Posteriormente, a empresa sacou unha nota no *Faro de Vigo* atacando o sog, e gabándose de cumprir escrupulosamente a lexislación laboral. Tamén deste xeito houbo que enfrontar o que ficaba de reaccionario da etapa franquista.

A finais de 1978, decidiuse na ING unir as comarcas e organizar a central sindical tendo en conta as provincias, atendendo á estrutura dos convenios e das institucións administrativas. A dirección provincial de Pontevedra, elixida o tres de novembro dese ano, estaba composta do seguinte xeito: secretario de zona, Manuel Mera; implantación zona norte, Lois Obelleiro; implantación zona sur, Xesús Chaves; finanzas, Anxo Goberna; convenios, Agustín Malvido; prensa e propaganda, Rosa de la Parra. Secretarios locais: Vigo, Xavier Alonso; Porriño, Carlos Alonso; Salnés, María Xosé Fariña; Pontevedra, Vitoria Fernández; Morrazo, Xosé M. Blanco. Secretarios sectoriais: Metal, Isidro López e Miguel Vázquez; téxtil, Uxío Chapela; Químicas, Anxo Soto; Construción, Carlos Recondo e Estanislao Sotelo; SGM, Xosé Henrique Fernández; Comercio, Olaia Fernández Davila. Como se pode comprobar, ademais de Obelleiro, había na dirección da central sindical na provincia de Pontevedra compañeiras e compañeiros que terían un papel sobranceiro naqueles anos, e mesmo algúns no futuro da central ou da fronte patriótica.



Lois Obelleiro, 2.º pola dereita, xunto con outros compañeiros na torre Juche de Pionyang. Corea do Norte

Lois Obelleiro e Manuel Mera na presentación da candidatura das eleccións autonómicas de 2005 en Compostela



Quero contar outra anécdota, que reflicte a personalidade de Obelleiro. Fun falar con el por un asunto sindical, en pleno proceso electoral, non lembro a que institucións, aínda que non eran eleccións municipais. Atopámonos na súa casa e díxome que mellor era conversar mentres facía reparto de propaganda electoral pola contorna. Lembro como, durante varias horas, petaba en todas as casas, unha a unha, falaba con cada veciño e veciña e deixáballe propaganda remarcándolle os aspectos que coidaba importantes. Facíao á marxe das súas simpatías políticas, con naturalidade, e argumentaba por que debían votar nacionalismo con feitos concretos e as consideracións estratéxicas. A iso se lle chama ligazón coas masas, traballo non rutinario, crear conciencia política.

A derradeira vez que o vin foi pouco antes da súa morte. Achegouse á central sindical en Vigo e devolveume unha documentación que eu lle pasara co encargo de que a utilizase para facer a segunda parte da Historia do sindicalismo nacionalista (xa tiñamos publicado a primeira parte, elaborada

«Foi dos que traballaron moito e ben, pola construción do sindicalismo nacionalista. Dos que fixeron posíbel que hoxe a CIG sexa unha forza consolidada, combativa, non pactista, que fai da xustiza social e da soberanía nacional a base da súa existencia»

por Bernardo Máiz e Bieito Alonso). Eu consideraba que era a persoa máis apropiada, xa que coñecía moi ben esa etapa, pola súa práctica, e ademais era quen de contextualizar os feitos, e sistematizar as ensinanzas. Díxome que se atopaba algo mal de saúde, e que era mellor que outra persoa fixese este traballo. Xa non tiña ese sorriso tan común nel nos beizos, nen os ollos tan vivos, brillantes. Díxenlle que el era quen mellor podía facelo dada a súa ligazón coa loita sindical no período que abrangía o libro proxectado (1983-1994), mais que procuraríamos alguén que o puidese facer. Doeume. Xa sabía dos seus problemas de saúde. Meses despois, falecía.

Lois Obelleiro tiña engado persoal, era teimoso, atrevido, preocupáballe a formación, porén nunca á marxe da práctica. E non se deixaba vencer polas dificultades, nun tempo en que os resultados non sempre eran bos. Era un estudoso, especialmente da historia. Escribía, mais nunca fixo ostentación desta calidade, nen dos cargos que ocupou. Un mérito non menor, sobre todo neste tempo histórico. Foi dos que traballaron moito e ben, pola construción do sindicalismo nacionalista. Dos que fixeron posíbel que hoxe a CIG sexa unha forza consolidada, combativa, non pactista, que fai da xustiza social e da soberanía nacional a base da súa existencia. Achegou o seu grao de area ao nacionalismo no ámbito partidario e institucional, aínda que deste tema hai outras persoas que seguramente realizarán unha descrición máis próxima e argumentada. Hai compañeiros e compañeiras, como Lois Obelleiro, que nunca morren, viven en todos nós. Son semente e futuro. ●



► Lois, detrás da faixa á dereita,
no 1.º de Maio de 2006

RAFAEL IGLESIAS GARCÍA

MANUELA NOVOA PÉREZ

Dirixentes comarcais da CIG en Pontevedra

Lois Obelleiro. Relato de lembranza dun cadro nacionalista

A Lois Obelleiro e a outros cadros nacionalistas tocoulles levantar o proxecto nacionalista na etapa histórica do cambio da ditadura franquista á democracia española actual, na década dos 70 e 80 do século pasado. E fixérono con entusiasmo e entrega totais, partindo da nada, xa que o nacionalismo que representaba o Partido Galeguista desaparecera debido á represión franquista.

Da nada había que crear todo. A forza política, a sindical, a agraria, os colectivos culturais... Absolutamente todo. Non existían nin podían existir departamentos estancos. Todo estaba intimamente relacionado e Obelleiro tocou con paixón todas as teclas.



Así nos primeiros anos após a morte do ditador, Obelleiro botounos unha man decisiva na constitución das Comisións Labregas en Pazos de Borbén. Con el –que tiña xa os contactos precisos– fomos a Pazos a constituír as CC.LL. un sábado á tarde. Alí coñecemos a Celso Fragueiro, a Manuel de Nespereira e a outras persoas que constituíron o sindicato na localidade e mantiveron unha loita moi firme e exitosa para a devolución dos montes comunais aos seus verdadeiros propietarios. Posteriormente moitos destes compañeiros militaron tamén no nacionalismo e algún chegou a ser concelleiro polo BN-PG.

Paralelamente, un grupo de homes e mulleres, entre os que podemos salientar a Paulino Carrera, Manolo Vilán «o Roxo», Carlos García, Ester Bouzas, Antonio Sobral, Xosefa Álvarez, Nieves Pérez, os Parras, Alberto Reyes, e Manuel Gómez participamos, da man de Obelleiro, na constitución do sog en Soutomaior.

Foi unha época de intensa actividade política e sindical. Daquela, o concello de Soutomaior conta ba cun importante tecido industrial, e o sog fixo un intenso traballo que se traduciu nun significativo

incremento da afiliación que lle permitiu ao sindicato nacionalista contar cun local en Arcade, no que nos reuniamos día si día tamén.

Obelleiro tivo, coa súa pluma incisiva, un papel importante na creación do *Calibre*, un boletín informativo do sog que se distribuía periodicamente en Pontesa para informar ás traballadoras e traballadores das novas de interese.

A loita polos dereitos das traballadoras e traballadores foi unha constante. Daquela en Pontesa traballamos 51 horas semanais e cobrabamos

«Coa loita do sindicalismo nacionalista conseguimos reducir a xornada laboral ás 40 horas e incrementar os salarios, con aumentos anuais que chegaban ao 18%. Todo un éxito, no que Lois Obelleiro tivo un papel significativo»



Lois, 2.º pola dereita, nunha das manifestacións contra a empacadora celebrada en Pontevedra en 1997

300 pesetas as menores de 18 anos e 700 as maiores. Coa loita do sindicalismo nacionalista conseguimos reducir a xornada laboral ás 40 horas e incrementar substancialmente os salarios, con aumentos anuais que chegaban ao 18%. Todo un éxito, no que Lois Obelleiro tivo un papel significativo.

Dende os anos oitenta, Obelleiro xa non asumía ningunha responsabilidade sindical, pero seguiu colaborando decididamente coa CIG (e antes coa ING e INTG) nas eleccións sindicais nas empresas de Soutomaior e Ponte Caldelas.

Así, botounos unha man imprescindible para introducirmos nas empresas de Carbuos Metálicos, Concello de Soutomaior, Cerámica Arcadia, Muíño de peixe de Ponte Sampaio, Construcións Moisés Rodiño, Aserradeiro de Soutomaior, Aserradeiro de Ponte Caldelas, etc.

Na actual CIG, tanto a nivel comarcal, como nacional; a Lois queríámoslle ben. Viña acotío polo local, sobre todo cando estaban convocadas folgas xerais, ou de empresas importantes da comarca, así como en datas significativas: 10 de marzo ou 1.º de maio. Viña buscar información e segundo a

hora que fose, tomaba un café, caña ou viño cos compañeiros e compañeiras. Preguntaba por temas que non coñecía e criticaba o que estabamos facendo mal. Pero sempre o facía en plan construtivo, con humor e co sorriso que sempre o acompañaba. Obelleiro, xunto con Rendo da Estrada, foron dous compañeiros que sen estar nas estruturas sindicais da INTG daquela, apoiaron a consolidación da central sindical, e que sen eles, na comarca de Pontevedra, a CIG non sería o que hoxe é.

A pesar de que Soutomaior perdeu todo o pulso industrial das décadas dos 70 e 80, o sindicalismo nacionalista que naceu co soc, brilla vizooso da man da CIG. E o mesmo podemos dicir da formación política á que adicou a maior parte do seu tempo, o BNG, que hoxe aspira seriamente a gobernar o concello.

Podemos dicir sen medo a errar que a semente de Lois Obelleiro prendeu con forza en Soutomaior e nos nosos corazóns. Hoxe, dez anos despois de que nos deixase, Lois sigue en nós como un facho que alumea o noso compromiso militante en defensa do país e das súas clases traballadoras. ●



Lois, segundo pola dereita, nunha manifestación en defensa do ensino público en Compostela a mediados da década de 1980



Conferencia Nacional da UPG. Ferrol, 12 de agosto de 2006



► No Monte Aloia con compañeiros do IES de Tui, xaneiro de 1990

DUARTE CORREA PIÑEIRO

Profesor de Historia e analista internacional

Un militante nacionalista de vangarda, un construtor da nación

Hai oito anos, coincidindo cun acto de homenaxe a Lois Obelleiro organizado polo BNG de Soutomaior, publiquei un artigo que levaba por título «un construtor da nación»; tiña decidido manter o mesmo título porque considero que esa frase condensa a súa personalidade e traxectoria; pero despois de repasar a intervención de Bautista Álvarez o 22 de febreiro de 2008 no acto de despedida, lin que Bautista referíase a el como «un militante nacionalista de vangarda», unha definición que complementa perfectamente a miña, pois para ser construtor da nación hai que ser militante nacionalista de vangarda. Así era desde o meu punto de vista o camarada Lois Obelleiro, un deses militantes que deixaron forte pegada pola súa actitude vital traballando en diversos ámbitos, e tendo como norte na súa actividade, en todos eles, crear conciencia e axudar na creación e fortalecemento das ferramentas necesarias para a nosa liberación nacional e social.



Un militante peculiar

Teño comentado xa moitas veces que para min, un mozo militante a mediados dos anos oitenta do século pasado dunha ERGA que, ao igual que o conxunto do nacionalismo galego, non pasaba polos mellores momentos, o primeiro contacto con Lois Obelleiro foi algo moi estraño que me deixou descolocado. A miña preocupación, e a dos escasos militantes que integrábamos a asemblea de zona de Vigo da organización estudantil nacionalista, era buscar novos contactos nos centros de ensino e nas vilas da nosa bisbarra. Con ese obxectivo desprazámonos ao Porriño un día, pois alí había un militante do BNG, profesor de historia no instituto, que tiña un grupo de alumnos interesados no nacionalismo e no movemento estudantil.

Un dos compañeiros que ía comigo comentábame no traxecto de Vigo ao Porriño que o Obelleiro era un tipo especial. Pero eu nunca podería ter imaxinado que sería aquel tipo barbudo que no patio do instituto ía disfrazado, non lembro se de bispo ou de Cristo, e dirixía o desfile de entroido que se celebraba no centro. Houbemos de agardar

un rato a que rematara a representación, presentáronme ao Lois, falamos un rato con el e levounos xunto aos mozos cos que íamos falar; mantivemos o encontro, explicándolles quen eramos e o que queríamos. Un par deles entraron ao pouco tempo a militar no nacionalismo, desgraciadamente non lembro os nomes nin sei se manteñen o seu compromiso político, pero está claro que foi aquel profesor de historia quen lles abriu os ollos, poñéndoos en contacto cunha organización que lles permitía converter en actividade práctica parte

«Foi aquel profesor de historia quen lles abriu os ollos, poñéndoos en contacto cunha organización que lles permitía converter en actividade práctica parte das súas preocupacións polo idioma, polo ensino e polo país»



Lois e os compañeiros/as do IES San Paio de Tui, Rosa Cancela e Alonso Vidal, en Viana de Castelo

das súas preocupacións polo idioma, polo ensino e polo país. E para nós naquela etapa conseguir establecer novos contactos fóra de Vigo era un éxito importantísimo.

O meu segundo contacto con Lois tamén o lembro perfectamente, pois sempre considerei que tivo algunha influencia en que decidira seguir estudando e facer historia. Foi en setembro de 1990, eu viña de aprobar as oposicións de mestre dous meses antes, e pendente de coñecer o meu primeiro destino matriculérame nas Xornadas do Ensino que daquela organizaban a UTEG/INTG e a AS-PG no Instituto Santa Irene de Vigo. No programa aparecía un seminario baixo o título «Historia de Galiza» impartido por Lois Obelleiro. Foi Lois a persoa que me deu as primeiras aulas sobre a historia do noso país, unha historia que eu como a maioría da mocidade daquela época apenas coñecía, ao ser anecdótica a súa presenza nuns plans de estudo cheos de referencias a El Cid, Filipe V, etc., unha ausencia que pasados case trinta anos non mudou apenas nos programas oficiais cos que traballamos actualmente os profesores e profesoras de historia.

Sempre lembrarei ademais que a primeira clase de xeografía e historia de Galiza que recibín non foi nunha aula, foi contemplando desde o Alto do Viso a ría de Vigo mentres escoitábamos ao Obelleiro falarnos da importancia das salinas de Vilaboa, da primeira industrialización, das organizacións agrarias de principios do século xx e a loita pola redención dos foros, da importancia dos indianos e das escolas de fundación sobre as que posteriormente faría a súa tese, da factoría da Pontesa en Arcade e da presenza do sindicalismo nacionalista na mesma...

A partir destes dous primeiros encontros as nosas traxectorias vitais foron converxendo e compartimos traballo na actividade política e sindical diaria e tamén na organización de non poucas actividades de formación, un ámbito este último que para el era central, e facíao coa mesma seriedade e rigorosidade tanto na preparación dunha actividade para mocidade como colaborando na organización dunhas xornadas de xeografía para profesorado.

Podería facer referencia a outros moitos momentos nos que coincidimos Lois e mais eu, pero non

Lois con compañeiros/as do IES San Paio de Tui o 17 de maio de 1990

é o meu obxectivo facer un listado coas múltiples anécdotas que se derivaban da relación cunha persoa que posuía unha personalidade tan peculiar e porque non dicilo, tan distinta á miña.

Firmeza e convicción

Lois Obelleiro como outros e outras militantes do nacionalismo galego tentaba levar á práctica aquilo que poñemos por escrito, construír consciencia nacional nunha nación que moitas veces nos golpea coas súas múltiples contradicións, dándonos a impresión de que quere fuxir e desaparecer. Nese labor tan complexo e tan desagradecido era consciente de que en determinados momentos da nosa traxectoria militante debemos dar prioridade ás necesidades colectivas fronte aos nosos propios desexos persoais. Un exemplo desa consciencia foi a decisión que no seu momento asumiu de deixar temporalmente o traballo no ensino para participar a tempo completo no traballo de dirección do BNG e do Partido, unha decisión que lle foi custosa dado que como me dicía moitas veces «o meu son as clases e xogar ao fútbol».

«Sabía onde había que estar porque ao seu patriotismo unía a súa forte convicción marxista, froito dunha fonda formación, da que non alardeaba; un marxismo alleo ás aventuras ideolóxicas ou ás modas do momento»



Para alguén da súa formación tería sido moito máis cómodo manterse exclusivamente como concelleiro en Soutomaior, ou dedicarse a pontificar desde o estrado do instituto, sobre como debían facerse as cousas criticando o que se facía mal. Lois non era un deses, el estaba onde había que estar.

E sabía onde había que estar porque ao seu patriotismo unía a súa forte convicción marxista, froito dunha fonda formación, da que non alardeaba pero que coñecíamos quen falábamos ou traballábamos con el; un marxismo alleo ás aventuras ideolóxicas ou ás modas do momento que algúns daquela e agora tamén tentan importar, unha actitude que el combateu firmemente en debates con persoas, moitas veces ben intencionadas, que buscaban receitas co obxecto de dar o grande salto adiante que substituíra o traballo diario de a pé de rúa. Como membro da UPG tiña moi claro que só tirando conclusións da súa aplicación a unha realidade concreta sobre a que actuar o marxismo e o leninismo cumpren a función de instrumentos de análise.



Xantar con compañeiros do IES de Tui no Arcadia de Arcade, abril de 1990



No Muíño vello de Redondela, con compañeiros do IES de Tui, xuño de 1990

Tui, novembro de 1989, con
compañeiros do instituto



Seguir construíndo e coidando o xa construído

Nos últimos anos o nacionalismo ten pasado por momentos moi complexos, con rupturas que produciron un forte desánimo en grande parte da nosa base social, situándonos mesmo nunha situación crítica a nivel electoral en 2016. Pouco a pouco estamos recuperándonos pese a que o ambiente político e social é totalmente desfavorábel; isto demostra que, sen deixar de preocuparnos pola nosa debilidade actual, debemos valorizar a nosa capacidade de resistencia.

A mocidade, que é o relevo natural, sofre a precariedade laboral e a falla de expectativas, en moitos casos, obrígaa a repetir o camiño da emigración percorrido por anteriores xeracións. Ademais o proceso globalizador fai que vaia perdendo os referentes propios, pois recibe moita máis «información» de culturas, feitos e realidades afastadas centos ou miles de quilómetros que do que acontece no seu contorno.

Grande parte da chamada «intelichencia» ten desertado do país, pasándose ao adversario e

«En momentos como este, non tan distintos a aqueles anos setenta do século pasado nos que empezou a militar Lois, debemos aprender da nosa historia e do traballo feito polos construtores e construtoras da nación que nos precederon»

tentando xustificar esa deserción co emprego dunha linguaxe rimbombante propia de cenáculos para iniciados e adobiada con referencias a unha baleira unidade popular. Tentan agachar a perda de confianza con chamamentos tan incendiarios como inútiles, mentres se aferran a caxatos foráneos, uns caxatos que só teñen por obxectivo debilitalos mentres agardan o momento axeitado para retirarse e deixalos caer.

En momentos coma este, non tan distintos a aqueles anos setenta do século pasado nos que empezou a militar Lois, debemos aprender da nosa historia e do traballo feito polos construtores e construtoras da nación que nos precederon, reafirmándonos nos nosos valores e adaptando os métodos de actuación que empregaron aos novos instrumentos e a un novo momento histórico. Así é como actúa a militancia nacionalista de vangarda.

Non é doado facelo e non podemos trasladar mimeticamente nin as experiencias nin os métodos de actuación, pero podemos seguir a senda da recuperación se mantemos os principios básicos sobre os que se construíu o nacionalismo e que integran o noso ADN. Diálogo co noso povo e vocación de unidade, conscientes de que temos unha vocación plural, unitaria e fundamente democrática, pero sen esquecer que a unidade e a pluralidade precisan asentarse sobre unha base ideolóxico-política firme e asumida que debe estar enraizada na patria. Firmeza no enfrontamento co adversario, sen dar un paso atrás na defensa do dereito de Galiza a gobernarse por si mesma, a exercer como nación soberana e a construír un futuro máis xusto. ●



FERNANDO HERRERO CARAMÉS

Ex Portavoz do BNG en Soutomaio

► Lois ao fondo na candidatura das municipais do ano 2003, encabezada por Ánxela Sobral

Sempre un mestre

Representa para min unha enorme responsabilidade escribir acerca do compañeiro Lois, probablemente o político mais influínte de Soutomaio. Paco Rodríguez dixo del que representaba xenuinamente o mellor do espírito dun pobo.

Alguén poderá pensar: como ía ser o político máis influínte se nunca tivo responsabilidades de goberno a nivel municipal? E na resposta a esa pregunta está moito do que aprendemos de Lois. Porque máis alá de estar ou non nun goberno, Lois sempre nos ensinou que a militancia era algo moito máis importante. Aportounos as claves para cavilar nunha sociedade cunha evolución natural, sen grandes condicionantes que a deformasen.

Neses cambios nos que, ao longo da historia de finais do século xx e principios do XXI o compañeiro Lois foi peza fundamental. Pero ademais foi quen de transmitir a información e o espírito de loita que se viu reflectido en diferentes mobilizacións coma as dos mariñeiros, as de Pontesa, as dos semáforos, do PXOM, as do centro de saúde, ou as de manter a estación do tren...



Pero o traballo de Lois na vida municipal, ía moito máis alá do puramente político. Lois encabezaba bastantes das actividades lúdico culturais do noso concello. Unha actividade intensa e constante que enchía moitos espazos culturais que nunca se deran, e probablemente nunca se darían, se non fora polo seu empuxe en Soutomaior. Sen dúbida, no medio de todas estas actividades, estaba o ensino, e o ensino da historia, pois dicía que un pobo que non coñece a súa historia corre o risco de repetila.

«Lois encabezaba actividades lúdico culturais en Soutomaior. Unha actividade intensa e constante que enchía moitos espazos culturais que nunca se deran, e probabelmente nunca se darían, se non fose polo seu empuxe»

Neste eido, escribiu libros, organizou publicacións periódicas, exposicións de fotos antigas... Lois organizaba practicamente todas as actividades culturais e sociais que tiñan lugar no concello de Soutomaior. Teatro, música na rúa, cantos dos reis no Nadal... e no medio de todas elas, a que se cadra era a representación máis popular que se celebraba en Arcade, dende logo, a que contaba con máis afluencia de público: o enterro da sardiña.

Agora, vendo todo isto dende outra época, dá a sensación de que este foi un camiño fácil de percorrer, pero eran outros tempos e as cousas non eran doadas. Non teño ningunha dúbida de que o Soutomaior que hoxe coñecemos, non sería o mesmo, sen a pegada que nos deixou Lois.

Na actividade política municipal, Lois comezou a súa andaina como concelleiro alá polo 1979. Un traballo que continuou de xeito ininterrompido durante 21 anos. O nacionalismo galego tivo dende entón presenza institucional e social en Soutomaior. Non sempre foi doado, e sabemos ben que ese labor, que Lois sempre levou adiante dende a honestidade e o compromiso co

Portada do programa electoral
de Soutomaior de 1999

país, lle trouxo ben agravios, cando non directamente mentiras e difamacións que lle acarrearón bastantes problemas.

Recordo cando dicía que a el e ao compañeiro Ramón regaláranlle sendos pisos, ou a outra falacia máis repetida, e se cadra a máis inxusta de todas, aquela que dicía que Lois só falaba coa xente cando viñan as eleccións. Cando calquera persoa que o coñecera, a el ou a Ramón, sabía ben que ambos son a xente máis afable que se poida atopar.

Pero, a pesar destas «cuestións» que tiñamos que aturar polo mero feito de ser militantes nacionalistas, se algo aprendín de Lois é que todo isto debemos levalo con honestidade e con alegría, sendo conscientes de que a militancia honesta e desinteresada implica en ocasións estas incompreensións.

Lois para min foi un mestre, un mestre en todos os sentidos. Foi un mestre cando me ensinaba latín no seu piso da rúa Castela, cando me iniciaba na miña andaina política dentro do BNG, e foi tamén un mestre cando co seu sorriso me denominaba «socialdemócrata».

E como tantos outros que se vían animados polo seu entusiasmo, polo seu proselitismo cara aos novos, pola súa ledicia pura... non puiden resistir o engado da súa personalidade guieira. Estaba sempre asegurada aquela resposta dun mestre que sempre tiña algunha solución, moitas veces cargada de retrans, ao mais puro estilo galego.

Quizais un dos recordos máis dolorosos dende o punto de vista estritamente político, ocorreu na Marisquería de Arcade alá polo 1995. Era xusto despois dunhas eleccións nas que nós, con tres concelleiros, tiñamos acadado un total de seis votos para a elección de alcalde xa que a Candidatura Veciñal



Independente xa nos prestara o seu apoio. Foi neste contexto cando os representantes do PSOE local se arrimaron a nós e dixeron: «Lois serás o próximo alcalde». A aritmética estaba clara e ese podería ser o principio dunha alcaldía nacionalista en Soutomaior. Pero o PSOE, nunha das páxinas máis turbias da historia política de Soutomaior, deu o seu voto ao PP, permitindo a chegada da dereita á alcaldía.

Lembrar a Lois Obelleiro, é facer unha homenaxe a moitos homes e mulleres que a carón del, foron quen de transformar a sociedade, facendo de Soutomaior un dos concellos co voto nacionalista máis amplo e estable de todo o país.

Como esquecer aquelas asembleas locais na Casa de María «Flope» entre traballo, risas e pinchos de tortilla... Aqueles comandos con Ramón e Sambade como xefes de propaganda, aqueles mitins en Aranza...

Lois Obelleiro gañou un espazo propio en todas as nosas vidas e, se cadra por iso, moitas persoas terán, coma min, dúcias de motivos, tanto na orde persoal e íntima, coma na social e política para botalo sempre en falta. ●

O MELHOR PARA SOUTOMAIOR

LIÑAS BÁSICAS DE ACTUACIÓN

1. Elaboración dun plano de equipamentos e infraestrutura que atenda ás necesidades reais do concello.
2. Aplicación rigorosa das normas subsidiarias de planeamento urbanístico.
3. Planificación e control da xestión dos servizos municipais: recollida de lixo, auga...
4. Promoción o desenvolvemento de todas as manifestacións da Cultura Popular.
5. Creación dunha emisora de radio municipal.
6. Defensa dos espazos naturais e do patrimonio histórico e arqueolóxico.
7. Promoción do turismo, utilizando os recursos eco-xeográficos, históricos e arqueolóxicos.
8. Desenvolvemento de programas de "deporte para todos".
9. Creación dunha concellería da mocidade.
10. Promover a creación de emprego.
11. Optimizar o gasto público con criterios de necesidade e axuste.
12. Democratización do concello, garantindo a máxima participación cidadá.
13. Ofertar terreos para a creación dun centro da ESO.
14. Esixir o funcionamento dun Centro de Saúde debidamente dotado.

CANDIDATURA DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO AO CONCELLO DE SOUTOMAIOR



CANDIDATURA DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO AO CONCELLO DE SOUTOMAIOR

1. MANUEL LUIS OBELLEIRO PIÑÓN
2. CAMILO SOBRAL GONZÁLEZ
3. XOSÉ RAMÓN ALVAREZ FUENTES
4. MARIA ROSÉ CASTELLANO SOBRAL
5. MANUEL GÓMEZ PONTE
6. ARTEMIO CARRERA PUNTES
7. MARIA TERESA REYES LÓPEZ
8. EDUARDO MARTÍNEZ PÉREZ
9. XOSÉ ANTONIO ALONSO VIDAL
10. DAVID ALVAREZ PEQUEÑO
11. TERESA PARDAL BARREIRO
12. CARLOS ALBERTO GARCÍA SEQANE
13. XOÁN ANTONIO FERNÁNDEZ MARTÍNEZ

Suplentes

14. MANUELA PILAR NOVOA PÉREZ
15. ANXO REYES LÓPEZ
16. FERNANDO HERRERO CARAMÉS

Candidatura do BNG en Soutomaior de 1995

AS NOSAS PRIORIDADES:

- Garantir a transparencia e a igualdade de todos os veciños e veciñas nas contratacións de persoal.
- Promover a participación veciñal na política municipal.
- Creación dunha Escola Municipal de Música
- Desenvolvemento do polígono industrial.
- Constitución dos Consellos Parroquiais.
- Creación dunha empresa mixta de desenvolvemento e xestión de actividades turísticas.
- Dotación dun local para as persoas maiores.
- Creación da Concellaría da Muller e adaptación ao Concello do Plano para a igualdade de Oportunidades e de Trato para as mulleres.
- Creación dunha escola Municipal de Deporte.
- Solicitar o persoal sanitario (médicos, practicante) suficiente para atender á demanda actual.
- Concertación de convénios de cooperación do Concello coas entidades culturais e promoción das súas actividades.
- Creación do Consello Municipal da Mocidade.
- Elaborar, con participación veciñal, e xestionar o Plan Xeral de Ordenación.
- Creación dunha escola-obradoiro.
- Dotar á parroquia de Soutomaior dunha biblioteca.
- Mellora e extensión dos servizos básicos: alcantarillado, luz, recollida do lixo e limpeza de contedores.

Para mellorar as cousas en Soutomaior



1. Luis Obelleiro Piñón
Licenciado en Historia.
Ensinante.
Portavoz do G.M. do BNG.
Responsábel da Comisión Institucional Nacional.
Membro da Permanente do BNG.



v o t a **BNG**

Candidatura do BNG en Soutomaior de 1999



► Impartindo clases no
Día das Letras Galegas
de 1990

JUAN ANTONIO FERNÁNDEZ MARTÍNEZ, «SAMBADE»

Amigo e compañeiro do BNG

Unha sinxela fotografía da longa película que foi Lois Obelleiro

Ao longo dos anos 60 do século pasado tiñamos no concello de Soutomaior, e nomeadamente en Arcade, un, digamos, grande conxunto de manifestacións culturais que, máis ou menos, enchían as necesidades da poboación para se divertir, para agrandar coñecementos ou para se expresar artisticamente. Tiñamos un cine no cal todas as fins de semana gozabamos dunha estrea, tiñamos un Padroado Cultural con local propio no que podiamos xuntarnos a falar, ouvir conferencias ou usar a cativa biblioteca que posuía. Tiñamos unha banda de música que tocaba en todas as festas populares que facían os distintos barrios ao longo do ano. Tiñamos equipas de deporte no fútbol e máis no baloncesto. Tiñamos todos os anos, polo Entroido, varios bailes que gozaban de moita sona e que daban pé a moita leria nos meses seguintes. Tiñamos grupos de baile tradicional... O certo é que, sen moita gloria, as nosas necesidades de cultura estaban máis ou menos cubertas e satisfeitas.



A partires da metade dos 70, as máis destas manifestacións tiñan desaparecido ou adurmiñado. Había case como un descampado no que a mocidade da época (numerosa, con traballo e cartos) coñecedora xa das novas que asomaban na televisión e na música, non tiña como amosar as súas inquedanzas, e no lugar de experimentar aquí, foron facelo fóra, a Pontevedra e a Vigo que xa non estaban tan lonxe grazas aos coches que xa comezaban a encher as rúas.

Foi nesas cando Lois Obelleiro, rematados ou rematando os seus estudos en Santiago de Compostela, viu ficar entre nós, e viu constatar a nosa necesidade de leiras culturais e de ocio. Sen ser un visionario, decidiu que eramos nós mesmos quen tiñamos que facer o necesario para sermos nós. Tiñamos que saber de onde viñamos para saber quen eramos, e poder decidir onde iamos. Tiña, Lois, esa capacidade de engaiolar e de seguranza que fai dalgunhas persoas seres especialmente empáticos e dotados para transmitir aos demais a necesidade de traballar polo ben común, e de facelo con entusiasmo e alegría.

Co primeiro que nos sorprendeu foi cando se presentou no «Ideal Cinema Benedicto Vidal de Arcade» cun concerto a conta do «Movemento Popular da Canción Galega». Foi indescribíbel. Sabiamos o que eran unha gaita e un gaiteiro, pero nunca os escoitamos así, en concerto, con músicas que os máis de nós nunca ouvimos. O cine cheo de xente a aplaudir e pasmada con aqueles mozos e mozas que aparecían tocando, cantando e danzando, e dos que nada sabiamos (quedounos nos ollos, moi especialmente, un noviño Rodrigo

«Tiña, Lois, esa capacidade de engaiolar que fai dalgunhas persoas seres especialmente empáticos e dotados para transmitir aos demais a necesidade de traballar polo ben común, e de facelo con entusiasmo e alegría»

Acto organizado polo Colectivo Cultural
25 de Xullo. Finais da década dos oitenta



Romaní capitaneando a tropa e abraiándonos dende o escenario cunha «ocarina» no medio dun silencio reverencial).

Por aquel entón, coñecedor da necesidade de facer que os nenos e nenas prezaran a nosa lingua nai e perderan o medo e a vergoña de anos de complexos para expresarse nela, artellou a celebración do «Día das Letras Galegas». En cada curso de cada escola do noso concello facíase un concurso de redacción no que os gañadores eran agasallados cun atado de libros e outras fermosuras, nun acto público con títeres, música, conversas e até empánada. E todos aqueles pais e nais, a se sentir cheos de orgullo cando os seus pequenos e pequenas subían ao escenario recoller os seus loureiros no medio de tanta e tanta xente.

E tamén da súa cachola, saíu a idea de celebrar carreiras populares co gallo de impulsar o deporte, que segundo el, era san e era bo; e corriamos por todos os camiños de Arcade cuns pantalóns de deporte, que daquela aínda non tiñan petos, e nunha man tiñamos que levar o tabaco e os mistos e na outra a carteira para antes de ir comer tomar un viño na do Vello.

A comezos dos 80, un martes de Entroido no que estabamos aburridos, déusenos a uns cantos por nos disfrazar e facer burla e brincadeira polas rúas de Arcade. Recibimos o agarimo de canta persoa nos cruzabamos pola rúa, pasámolo moi ben e rematamos tomando todos xuntos uns viños como de costume. Foi nese intre cando Lois dixo que iso tiñámolo que organizar e gozar. Así naceu o entroido en Arcade, o que se coñecía como «O enterro da sardiña». El foi quen nos puxo a todos a pensar e traballar arreo. O seguinte ano, xa só construíndo aquela

sardiña, cun aquel de quenlla, fixemos unha gran festa onde correu o licor café e non estivemos faltos de música. Saímos á rúa e para a nosa sorpresa non estabamos sós. Xa Lois puxera outra xente a facer unhas andias e unhas roupaxes de bispos, que xunto cunhas coplas maldicentes e graciosas para cantar, foron as delicias de canta persoa había alí presente. Estes enterros, que perante 20 anos saíron á rúa durante o tempo do Entroido, son inesquecíveis para toda unha xeración. Aqueles grupos de 10 ou 15 nenos e nenas, vestidos de saia curta e tocando a marcha do antigo reino, capitaneados polo Quico e o Pereira, percorrendo a rúa e levando detrás deles centos de persoas disfrazadas e gozando. Aínda máis atrás, a moita, pero moita xente, acompañando á sardiña cun aquel de quenlla, cara ao río onde sempre era liberada envolta no lume santo. Estas son imaxes que nunca esqueceremos todas e todos cantos participamos delas.

Pero non quedou aí a cousa, para darlle sustento organizativo no tempo ao «Enterro da Sardiña» ocorréuselle a Lois constituír unha asociación que se fixera cargo cando menos de toda a andamiaxe

«A comezos dos 80, un martes de entroido no que estabamos aburridos, déusenos por nos disfrazar e facer burla polas rúas de Arcade. Foi nese intre cando Lois dixo que iso tiñámolo que organizar e gozar. Así naceu "O enterro da sardiña"»

Lois no Enterro da Sardiña organizado polo Colectivo Cultural 25 de Xullo

que este evento implicaba, e así naceu o «Colectivo cultural 25 de Xullo».

Este colectivo, comezou a alentarse por si só e a medrar baixo o seu capitaneo. Que se excursión, que se festivais de rock, que se exposicións de pintura, que se concerto de piano clásico e gaita galega, que se campionato de xadrez no «Flope», que se participar en campionatos de futbito, que se conferencia de Álvaro Pino. Que se non temos cabalgada de reis? Pois organizamos unha... Unha mancha de ideas que ían aparecendo e se puxeron en práctica con ganas e moito traballo; sería imposible mencionalas todas.

E mentres, Lois non descansaba. E coas necesidades lúdicas máis ou menos cubertas... pois tocáballe agora ás de formación e debate. Naceron os «Venres Nacionalistas» nos que cada venres aparecía un político, un xornalista, un escritor ou historiador, unha muller sindicalista, un técnico en medio ambiente, un grupo musical, unha «Nai da Praza de Maio»...

Unha morea de xente que nos contaba e nos ensinaba, sentados na Casa da Cultura todo canto quixeramos, alí, abraizados, a oídos e debater con eles.

Andabamos en todo isto e máis (Deus, se até celebramos o casamento de Mariano e Viri subidos nun chimpín) cando de súpeto Lois tivo, non un escurecemento, senón un destello con luces de cores e dixo de facer unha exposición fotográfica. Nunca o vimos implicarse tanto a nivel persoal. Que traballo levou a falar con centos de persoas! Pedíndolles permiso para expoñer aquelas fotos de familia nun local público aberto a toda a veciñanza. Xuntar as fotos, ordenalas, clasificalas, colocalas nos paneis, decorar o local, facer un servizo de copias para quen as solicitase e logo repartilas, devolver a cada quen as súas fotos e agradecerlles o favor. Levoulle moitas



horas de traballos e a exposición alongouse ben de días. Foi un éxito para toda a veciñanza, e dende logo, nunca se volveu facer ningunha como aquela.

E que podemos dicir da «Confraría do Viño Albariño de Soutomaior». Tiña presidente e vocais, e até tiña un canto oficial. Xuntábase cada certo tempo para louvar botellas de albariño que tiñan nome propio e onde se aproveitaba para dar discursos, xantar e sobre todo, cantar e rir moito.

Namentres todo isto acontecía, Lois Obelleiro, logo de facer familia, logo do seu lecer, logo de acción política e sindical que sempre tivo, logo de preparar o seu traballo como ensinante, logo de facer a súa tese doutoral... Logo de todo isto, aínda lle quedaba tempo para escribir, participar en libros de ensino, escribir libros de historia (mesmo un adicado a nosa historia: *A historia de Soutomaior* ou outro libro *Os indios que nos regalaron escolas*).

Non nos corresponde a nós ir máis alá do que aquí foi dito, pero tende seguro que non sendo Lois Obelleiro nin Deus, nin un xenio; foi moito, moito Lois Obelleiro. E nós estaremoslle sempre agradecidos por permitirnos gozar da súa sombra. ●



MANUEL LORENZO GONZÁLEZ

Escritor e ensinante

► Impartindo clase nunha saída didáctica co alumnado

Luís, sempre aí

Cando coñecín verdadeiramente a Luís foi nos primeiros anos do Quinto Instituto, de Pontevedra. O Quinto, así era como se lle chamaba daquela, antes de que pasase a ser o Torrente Ballester. Tivera coñecemento del moito antes, de feito, lembro que cando de cativo ía recibir aulas a Arcade, sendo eu de Paredes e algo menor en idade, chegoume a súa sona de neno prodixio nas voces orgullosas de veciños e achegados.

O noso primeiro encontro, máis ben desencontro, foi no mesmo Arcade, xa universitarios ambos, nun episodio arrevesado nos eidos do teatro con Bertolt Brecht e o socialismo ortodoxo como panos de fondo: Luís, plenamente integrado no galeguismo nacionalista, fixera valer os seus principios ideolóxicos para criticar e, finalmente, desmontar unha proposta teatral xuvenil que tachaba de burguesa e reaccionaria. Esa disputa, que exemplifica de marabilla un dos xeitos de perder o tempo que se prodigaban naqueles anos da Transición, xebrou os nosos camiños durante ben tempo. O afastamento prolongouse teimudamente, malia sabermos ambos da nosa irrefreábel proximidade, cando nos volvemos atopar, xa como profesores, en colexios da zona de Tui, nas súas rúas, tabernas e círculos de xente moza. Mais rematou finalmente de xeito radical ao coincidirmos destinados, con carácter definitivo, ao Quinto, un instituto acabado de crear en Pontevedra nun curuto, daquela todo monte, no remate da avenida de Vigo.

Non foi doado o primeiro achegamento, xa que entre ambos, a falta doutras ocasións de trato, o



único que había era aquel incidente arredor de Brecht e a loita de clases. Mais axiña chegaron oportunidades abondas no contacto diario compartido con compañeiros e compañeiras cos que fixemos piña tanto para a vida escolar como para alén das aulas. E aí apareceu xa o Luís que eu lembro, que ben pouco tiña que ver coa imaxe que me formara anteriormente, tamén influído por rumores que circulaban por alí e por alá: a imaxe dun Obelleiro montaraz, pechado, dogmático e intolerante, imaxe atribuída por sistema de xeito mecánico a

«Se hoxe me acho indefectiblemente ligado ao nacionalismo, débese sobre todo ao exemplo que persoas como Luís, e outras antes e despois del, sementaron coas súas palabras e os seus actos»

todos cantos militaban no nacionalismo. Debo dicir xa, para pechar a anécdota brechtiana, que foron moitos os momentos en que Luís me pediu perdón por aquilo que cualificou de arroutada xuvenil por exceso de celo militante; e que todas as veces lle retruquei que diso nada, que, malia os excesos e as retóricas esquemáticas duns e doutros, eu, que proviña dun vago esquerdismo universalista, agradecía e beicía a contundencia con que os nacionalistas fixeran causa, contra vento e marea, da nosa identidade, os nosos intereses económicos e sociais xenuíños, a nosa cultura, a lingua. De feito, podo dicir que no meu caso, se hoxe me acho indefectiblemente ligado ao nacionalismo, débese sobre todo ao exemplo que persoas como Luís, e outras antes e despois del, sementaron coas súas palabras e os seus actos.

Engadirei a estes primeiros momentos do Quinto que a súa chegada non foi só significativa para min. O profesor que exercía de director naquel momento ten contado que fora advertido por voces autorizadas de que ía caer no seu centro unha verdadeira bomba, unha persoa problemática



Lois Obelleiro na Rapa das Bestas de Sabucedo (A Estrada), lugar de orixe da familia Obelleiro

coa que tiña que ter coidado porque lle ía revolucionar o edificio tan arduamente organizado. Esa era a fama que lle precedía, derivada do seu activismo político e sindical, mais retorcida e amplificada por persoas marcadas pola rivalidade ideolóxica, a ignorancia ou simplemente a mala fe. Porque non cumpriría demasiado tempo para que se demostrase que a temida bomba era en realidade unha persoa afábel no trato, traballadora, intelixente, de sólida formación e entusiasta nos proxectos en que se metía. Era firme nas súas conviccións e actuacións e non descoidaba nunca o guieiro ideolóxico, mais sabía ser aberto e próximo con todo o mundo, co cal acababa por impregnar as súas ideas, e, se non convencía, polo menos facía pensar. Non é ningunha esaxeración para lavar memorias dicir que Luís gañou axiña o aprecio da maior parte de alumnos e profesores, empezando polo atemorizado director. Como mostra reveladora, non hai máis que sinalar a amizade que trabou, el que profesaba ateísmo e anticlericalismo a mancheas, co crego que daba as aulas de Relixión, ou con certos compañeiros/as abertamente antinacionalistas cos que era capaz de conxeniar e ata de venderlles a lotaría do Bloque no Nadal.

A súa materia de ensino era a Historia. Isto non é un feito azaroso nin trivial, pois Luís elixiu esta área de traballo de xeito consciente, sabedor de que no pasado está a explicación do presente e que é necesario coñecela para encarar o futuro. A súa especialidade, no amplo espectro que abranxen os estudos históricos, era o século XIX. Sobre isto lembro terlle oído, aínda que non sei se a frase era súa: «A única Historia verdadeira é a do século XIX; todo o anterior é ciencia ficción, e a do século XX,

xornalismo». Finalmente, malia abranxer todos os aspectos da materia, sempre foi Galiza o centro de interese dos seus traballos de investigación e das súas publicacións, e Galiza estaba sempre presente nas súas clases, fose cal fose a parte que tratase. E, se a circunstancia o permitía, o propio Arcade, unha das paixóns da súa vida, que cultivaba globalmente e á que se debía por enteiro; reconcíase de Arcade ata polo acento, pois é certo que os de Arcade teñen unha maneira de falar propia, ademais dunha oufanía que non é normal. En canto á súa concepción e enfoque da materia, era incuestionabelmente de base marxista e científica, priorizando as dinámicas dos pobos e dos movementos económicos e sociais como motor da historia e como elemento transformador, por riba das peripecias dos personaxes ilustres ou dos discursos de fondo idealista.

Ora ben, por outra banda, malia o rigor desta concepción e dos seus obxectivos pedagóxicos, que podían levar as súas aulas a un clima árido e de difícil asunción para o alumnado, nas alongadas conversas con que o núcleo máis afín

«Non é ningunha esaxeración dicir que Luís gañou axiña o aprecio da maior parte de alumnos e profesores, empezando polo atemorizado director, quen, antes da súa chegada, advertira de que ía caer no Quinto unha verdadeira bomba»



Lois Obelleiro con dous
nenos en Arcade

enchiamos as horas «interclases» naquela mesa do fondo esquerda, que todos chamaban a mesa dos galeguistas, traslucíase a súa metodoloxía de ensino, por chamarlle así. Debería dicir que Luís practicaba un ensino aberto, dinámico, científico, progresista, laico, transversal, e toda a ristra de adxectivos acordes con canto, polo menos na teoría, reclaman as pedagogías contemporáneas. Mais non o direi, porque, se el me escoitase, seguro que se partía de risa: «Pero ti que estás a dicir? Home, saca de aí...». A isto hai que engadir unha rara capacidade comunicativa e de conexión co alumnado, derivada do seu coñecemento como home do pobo, aínda que soe pomposo, do respecto que lles tiña, da percepción da súa forma de pensar e de ser, e dun enorme interese por render fidelidade á profesión de ensinante e ao país, non necesariamente por esta orde.

Cada inicio de curso, nada máis distribuírse os grupos de cada profesor, na primeira semana Luís xa memorizara os nomes e apelidos de cada un dos seus alumnos/as, coñecía circunstancias das vidas da maioría, iso que agora chaman perfil, e tiña un panorama substancial de cada aula. Na hora das avaliacións, nunca dubidaba, sabía o mérito de cada estudante, os seus logros e as súas carencias. As notas que adxudicaba nunca foron nin as máis altas nin as máis baixas, prefería andar polo medio, sabedor de que as cualificacións non eran unha verdade absoluta senón unha maneira imperfecta de situar o alumnado arredor dunha liña artificial pero necesaria.

Pero era sobre todo no trato directo coa rapaza onde se apreciaba o seu enorme talento para conectar con todas as franxas de idade. Luís

faláballes na súa propia linguaxe coa maior naturalidade, sen finximentos, sen «postureos». Parece que aínda o estou a ver na entrada do centro, apoiado na barra da conserxaría, dirixíndose aos que subían do recreo:

—Oes, neno, dime unha cousa. Ti que lle dis a unha rapaza cando queres ligar?

—Teresita, pero qué bien te queda ese lazo amarillo...

—Ei, ti... si, ti, vén para acá. Oes, dime a verdade: ti cres en Deus?

—Neno, seica onte vos deron unha tunda os de Cesantes. Iso pásavos por vestir a camiseta do Madrid... Ah, ti es do Barça. Así me gusta, campeón.

Os rapaces respondíanlle igual, había axiña empatía, recoñecíanse como pertencentes ao mesmo planeta. Todo isto daba como resultado unha proximidade difícil de describir, nada que ver co paternalismo manipulador que se agacha tras algunhas actitudes «guais» nin cos intentos que faciamos outros por manter incólume o difícil equilibrio entre a cercanía ao alumnado e o status profesoral.

Con todo, teño para min que cando mellor coñecín a Luís foi nos intercambios que compartimos. Luís exercitaba de natural un ensino vivencial, fuxindo dos didactismos, do libro, do taboleiro e, en canto era posíbel, das aulas. Daquela, artellaba cada ano viaxes lúdico-didácticas e intercambios con outros centros, nomeadamente do norte de Portugal. Eu tiven a sorte de acompañalo en varias desas xeiras, e lembro como era de envexábel a súa relación co alumnado, como, tras as visitas e experiencias académicas, nas que era o perfecto guieiro, era capaz de converterse no lecer



Lois, 4.º de pé pola esquerda, co seu equipo de fútbol, na liga de veteranos. Finais dos anos 90

nun máis deles. Servirá de exemplo disto, quizais extremo, o momento histórico no que, nun intercambio cun centro de Viana do Castelo, cadrando naqueles momentos un festival para pais/nais e alumnado, se prestou, enleándome a min e a dous alumnos, a actuar no escenario interpretando un tema de rock and roll; agora, imaxínenme a min diante daquela xente facendo de batería cunha especie de timbal e unha maza, a dous alumnos nosos, que nunca antes tocaran xuntos e que aínda dubido de que soubesen tocar algo, con senllas guitarras eléctricas prestadas, e a Luís dando voces, por así dicilo, cun micrófono e de costas ao público arremedando o seu e meu admiradísimo Jim Morrison. Histórico.

Intercalo aquí outra das paixóns de Luís, non sei ata que punto coñecida: The Doors. Foron moitas as conversas que tivemos sobre esta banda americana dos 60 que espertara a nosa devoción nos tempos mozos, cando aínda nos nos tratábamos, e en particular a figura do seu cantante, Jim Morrison. Só nos diferenciou a película que Oliver Stone rodara sobre o personaxe, que para min cadraba

á perfección coa idea que me fixera del, un xenio transgresor caótico e autodestrutivo, mentres que Luís prefería imaxinalo un rebelde con causa vítima da maquinaria social e mercantilista. Aí entendín que, no meu colega, incluso a súa alma de rockeiro estaba supeditada á dialéctica marxista.

Ese foi un lance memorábel na miña carreira profesional, non afeita a tales licenzas. Mais sei de certo que o seu repertorio lúdico e insubmiso non só brillou no Quinto Instituto, senón en todos e cada un dos centros por onde pasou. Velaquí outro gran momento que coñezo de oídas, que seica se deu no Instituto de Tui e que non me resisto a contalo. Disque no Día das Letras Galegas, sabedor de que certos profesores/as facían un aparte na súa habitual praxe castelanfalante para daren as clases en galego, el ese día aparecía vestido de rianxeira, quérese dicir co traxe tradicional galego de muller, e daba, con total seriedade, as súas clases en perfecto castelán.

Falei de licenzas e de repertorio lúdico, mais estou seguro de que para el esas arroutadas eran algo máis: unha maneira provocativa e catárquica

Lois, primeiro pola dereita con
compañeiros do instituto Torrente
Ballester de Pontevedra



de enfrontarse, coa maior das retransas e sentido do humor, a unha institución educativa anquilosada, rutineira, dogmática, burocratizada ata o ridículo e impudicamente antigalega. O cal, no fondo, tamén non deixa de ser unha maneira morrisoniana de vivir.

Sobra dicir que tanta proximidade ao alumnado e tanto afastamento do status convencional de profesor tamén tiña os seus riscos, e que algunha que outra vez se produciron ao seu redor episodios espiñentos, derivados tanto de erros propios ou alleos como da incompreensión de persoas de calquera ámbito da comunidade escolar. Ningún deles trouxo consecuencias maiores, con que non pasa nada se os sepultamos no esquecemento.

Da capacidade de traballo de Luís, algo que a algúns nos parecía portentoso, dá sobrada mostra que fose capaz de conxeniar o labor no instituto coa súa intensa actividade política e sindical, tanto no concello de Soutomaior como a nivel nacional, xa que ostentaba varios cargos de responsabilidade, e ao mesmo tempo producir un certo labor de investigación histórica e sobre todo de divulgación

«Luís sempre foi home de grupo, de colaboración. As súas empresas sempre eran colectivas, ata o punto de que resultaba imposible imaxinalo solitario en actitude introvertida, manténdose participativo ata o seu derradeiro día»

a través de libros e artigos, cuxa culminación, xa nos intres finais da súa vida, foi a súa tese de doutoramento *As escolas de fundación en Galiza*.

Cabe inserir aquí unha habilidade que tiña Luís, que ten que ver con esa amentada capacidade de traballo, e que a algúns gustaba máis e a outros menos. Refírome á súa facilidade para mobilizar xente para que choiase en proxectos seus. Isto, expresado así, pode soar raro e deshonesto. Mais só hai que entender que os «proxectos seus» eran decote iniciativas de interese, xa pedagóxico, xa político ou social, ou mesmo lúdico. E debemos engadir, por se non quedou claro, que Luís sempre foi home de grupo, de colaboración. As súas empresas sempre eran colectivas, ata o punto de que resultaba imposible imaxinalo solitario en actitude introvertida. Nin sequera cando a enfermidade o acosou perdeu a súa condición traballadora e solidaria, manténdose participativo ata o seu derradeiro día. Así o entendín entón, e concluí que eu era dos que me gustaba ese aproveitamento, e que incluso llo debíamos agradecer, porque se trataba de tarefas necesarias que doutra maneira non se farían.

A min, por exemplo, recrutoume como axudante de redacción, podíamos dicir, nalgúns traballos, uns máis serios, de carácter académico, e outros non tanto, por exemplo para as coplas do Entroido ou outros variados teatros, nos que podía ter aprendido algo o tal Bertolt Brecht. En canto aos primeiros, requiríame porque, dentro do seu hábito de rodearse de colaboradores, disque non se sentía moi seguro da súa sintaxe, tan apegada ao latín que mamara na súa adolescencia xesuítica. Desá experiencia quedoume unha nova proba do rigor científico con que traballaba Luís, e que

«Non se trata, en todo este relatorio, de facer unha falsa reivindicación dunha recreación imaxinativa con énfase nos elementos positivos e esquecemento dos negativos. O propio rigor do que Luís foi exemplo condenaría esa visión adozada»

se exemplifica nas discusións en que el, preciso e coas ideas claras, moderaba a miña tendencia ao florilexio literario e me obrigaba a manterme nos lindeiros do dato simple e a exposición obxectiva.

Outra cousa era o Luís amigo de festas, troulas e actividades extraescolares en xeral. Aí tiñamos o animoso compañeiro que se prestaba a todo o preciso para gozar en corpo e mente, sempre en compañía e capaz de chegar ata o infinito e máis alá. En deportes, cos colegas dos institutos practicaba o fútbol con gran derroche de enerxía e ambición gañadora, xeralmente pola banda esquerda, e non desprovisto de estilo. Realmente, tiña unha gran forza nun corpo san, que para nada facía presaxiar o duro final que lle esperaba. Sobra dicir que era do Barça, ou, en todo caso, de nada que soase a centralismo e imperio. Tamén seica xogaba ao rugby noutros campos e saía a correr por montes e vales.

Participaba en xantares e celebracións sempre que podía, tanto do instituto como en grupos de xente afín, como aquelas xornadas gastronómicas na do Caravel, un parafurancho que el coñecía nalgunha parte de Soutomaior que nos preparaba tortillas de ovos de quírica e onde faciamos exame de conciencia da nosa profesión e da desorientación do mundo en xeral.

E que dicir da querenza polo Entroido, sen dúbida a súa celebración estrela, no cal adoitaba revestirse de bispo, aínda que tiña máis ben traza de pope ortodoxo, e percorrer corredores e aulas co seu séquito choqueiro de alumnos cómplices recitando versículos irreverentes de denuncia e revolución. A outra parte da celebración estaba en Arcade, onde contaba con máis parroquia para a súa particular misa maior.

Tampouco esqueceremos o Luís loitador no ámbito sindical, que sabía poñerse á fronte nos conflitos que ían xurdindo, xa fose coa administración ou dentro do propio centro. Como exemplo, a batalla que se deu cando se lle puxo o nome actual ao instituto, que pasou de ser coñecido co nome oficioso de O Quinto a denominarse Torrente Ballesster, un nome imposto por certas persoas con poder en contra da elección do profesorado en favor de Carballo Calero. Tamén a súa participación sempre activa nas reunións de claustro así como en folgas, asembleas, ou o seu labor en tempo de eleccións.

Asemade, para un relato que pretende ser completo –empeño inútil para unha personalidade tan múltiple e potente–, non podemos obviar que Luís tamén gañou inimigos, persoas que o deostaban porque dalgunha maneira, con maior ou menor razón segundo o punto de vista, se sentiran atacados ou prexudicados nas súas palabras ou actos, ou directamente ridiculizados nos seus happenings vivificantes. Cando se ten protagonismo nunha área na que hai que discriminar e tomar decisións e dirimir entre o que se considera que está ben e o que non se considera, resulta entendíbel que un non sempre guste a todo o mundo. Dos inimigos naturais, maiormente da esfera política, non se preocupaba en absoluto, polo contrario, considerábase xusto e conveniente. Mais doutros ámbitos amosábase doído e procuraba superar os tropezos coa mellor vontade.

Non se trata, en todo este relatorio, de facer unha falsa reivindicación dun personaxe en realidade inexistente, unha recreación imaxinativa con énfase nos elementos positivos e esquecemento dos negativos. Non é iso. O propio rigor do que Luís foi exemplo condenaría esa visión adozada.



Lois Obelleiro e Manuel Lourenzo nun Entroido no IES Torrente Ballester

Sen dúbida o noso amigo tiña tamén pasaxes escuras, como temos todos e cada un, pasaxes coñecidas ou descoñecidas. Lembro alguén que lle reprochaba a utilización de ideas alleas como propias, outro que vía excesivo o seu afán por captar rapaces para a causa, e máis de un que achaban no seu trato un aquel de soberbia despectiva. Fose ou non fose así, parece lícito que a evocación das grandes persoas resalte aquilo que os fixo grandes ata o punto de que sexamos capaces de comprender e perdoar os seus desacertos.

Se hei de facer unha síntese do que o compañeiro Luís representou para min, téño moi fácil, porque ese era a cerna da súa vida, da súa práctica diaria e o seu exemplo, tanto no ámbito escolar como fóra das aulas: rigor, traballo, entusiasmo, claridade de obxectivos e unha inesgotábel afabilidade. E, como eixo necesario, unha enerxía e unha forza de vivir superlativas, que non podían facer pensar a ninguén que a Parca o sinalaría antes de que lle chegase o tempo natural.

Foi duro o momento no que se difundiu que a enfermidade prendera nel. Naquela época xa non

estaba no instituto, pois fora reclamado para a actividade política con dedicación plena. E foi máis duro aínda seguir o seu deterioro físico, que non moral nin ideolóxico, el que sempre fora un auténtico carballo do país. Vímolos en público por derradeira vez en Pontevedra no acto de presentación da publicación da súa tese de doutoramento, e ese acto, ao que asistiron centos de persoas chegadas de toda Galiza, deu a medida do que representou Luís na política e no cariño da xente.

Mais foi no acto da súa partida no cadaleito onde se puido intuír o alcance do seu labor como profesor, a través da presenza de moreas de exalumnas e exalumnos que choraban a súa perda ao son, nunca tan tristeiro, do himno da Patria. Para os que o coñecemos de preto, para as ducias de persoas que nun lado e noutro nalgún momento formamos parte da súa vida, o baleiro que deixou é dos que non se encherán nunca.

Esta é unha lembranza persoal, e, como todas as lembranzas persoais, irremediabelmente subxectiva. Outros terán outra distinta, incluso radicalmente distinta, segundo lles foi na feira, o cal é comprensíbel. Mais as lembranzas están aí, porque Luís nunca foi indiferente para ninguén, porque era desas persoas marcadas cunha estrela que sinalan camiños e sempre deixan pegada. Esta é a miña lembranza neste aniversario aínda tan doloroso, e con ela quero ficar para sempre. A pesar do amargo que será non poder compartila con el para rirmos unha miga xuntos. Xa me parece estalo oíndo de novo: «Pero ti que escribiches aquí? Oes, neno, isto tes que cambialo. Posme como un cura, eu non era así... Es un campeón».

Luís, sempre aí. ●



FRANCISCO GARCÍA SUÁREZ

Alcalde de Allariz polo BNG

► Con Xavier Macías, Paco García e Fernando Blanco no II Forum Social Mundial de Porto Alegre (Brasil). Xaneiro de 2002

Lois Obelleiro, con luz propia

Escribía Eduardo Galeano na obra *El libro de los abrazos*:

El mundo es eso –reveló– un montón de gente, un mar de fueguitos.

Cada persona brilla con luz propia entre todas las demás.

No hay dos fuegos iguales. Hay fuegos grandes y fuegos chicos y fuegos de todos los colores.

Hay gente de fuego sereno, que ni se entera del viento, y hay gente de fuego loco, que llena el aire de chispas.

Algunos fuegos, fuegos bobos, no alumbran ni queman; pero otros arden la vida con tantas ganas que no se puede mirarlos sin parpadear, y quien se acerca, se enciende.

Lois Obelleiro foi dos lumes que encendeu moitos outros lumes e contribuíu a facer país, a construír nación.

Obelleiro foi un exemplo de entrega e servizo a Galiza, combinando teoría e práctica.

No apartado teórico, afondou no coñecemento e divulgación da nosa historia, cultura e pensamento. Na práctica, foi un entusiasta militante da causa nacionalista.



Tiven a sorte de coincidir con el nunha longa etapa na dirección do BNG e de manter unha amizade e un traballo político compartido. Serían moitas as anécdotas e vivencias para lembrar.

Pedíuseme que me centrase na faceta do traballo internacionalista. Quixera facer fincapé na súa sólida formación, no incansábel traballo militante e na camaradería e ilusión que transmitía.

Ostentando él a responsabilidade de política municipal coincidimos nunha viaxe a Porto Alegre,

«Obelleiro transmitía un acertado equilibrio na valoración da realidade galega. Fronte ao fácil papanatismo dalgúns por outras experiencias políticas de moda, nunca minusvaloraba o que o nacionalismo galego representaba»

nunha delegación da que tamén formaban parte Fernando Blanco e Xabier Macías.

Tivemos ocasión de coñecer de primeira man os orzamentos participativos do PT no Goberno do estado brasileiro do Río Grande do Sul e da cidade de Porto Alegre; e de presenciar as actividades do II Forum Social Mundial.

En Xaneiro do 2002 este encontro sobre democracia participativa e globalización sírveme para ilustrar a preocupación que Obelleiro tiña para ollar o mundo dende Galiza e para ver Galiza dende o mundo.

O encontro coa representación da esquerda brasileira permitíanos avanzar no coñecemento da súa realidade, divulgar as experiencias do BNG nos gobernos municipais e reflexionar sobre aspectos de actualidade como era o fenómeno da globalización, as fórmulas de participación social na xestión municipal ou as alternativas do Forum Social Mundial e o seu coñecido lema «Um outro mundo é possível».

Obelleiro argumentaba moi ben a dupla combinación de liberación nacional e liberación social que o BNG sempre representou.



No arco do triunfo de
Pionyang. Corea do Norte

Neste encontro coa delegación brasileira na que estaban, entre outros, o Secretario de Estado de Coordinación e Planeamento do Goberno de Río Grando do Sur, Adao Villaverde, e o Viceprefeito de Porto Alegre, Joao Verle; Lois Obelleiro fixo unha magnífica exposición do noso proxecto político, das dificultades e dos logros, e tamén das semellanzas e diferenzas entre as cidades galegas gobernadas polo BNG e Porto Alegre.

Neses días no Brasil moito falamos tamén da potencialidade que para Galiza podería representar o mundo luso brasileiro se houbera outras políticas favorecedoras dunha maior relación social, económica, cultural e institucional.

Penso que Obelleiro sempre transmitía un acertado equilibrio na valoración da realidade galega. Fronte ao fácil papanatismo dalgúns por outras experiencias políticas de moda, Obelleiro nunca minusvaloraba o que o nacionalismo galego representaba.

Consciente das eivas, das dificultades e dos fracasos, sentíase tamén orgulloso do traballo realizado e puña en valor o legado que o nacionalismo

galego leva aportado na defensa dos traballadores, das clases populares e do País.

Nesta estada en Portoalegre falamos moito de corrección das posicións do BNG a respecto da UE, da globalización e da sintonía das nosas análises con moitas das ideas antiimperialistas expresadas no Forum Social Mundial.

Ao mesmo tempo, Obelleiro amaba a vida, a amizade, o compañeirismo e sempre estaba cun sorriso e cunha palmada de ánimo. No tempo libre da viaxe non deixamos de camiñar polas rúas de Porto Alegre cheas de postos ambulantes, descubriendo a alma da cidade e as tradicións gauchas.

Obelleiro gozaba de cada un dos momentos nesas andainas polas rúas e aínda tiña tempo para falar de Getulio Vargas, natural de Río Grande do Sul e do seu importante papel na historia do Brasil e das razóns do seu alcume «Pai dos pobres» ou da creación da Petrobras no seu mandato.

No ano 1998, BNG, PNV e CIU puxeron en marcha o GALEUSCA para fixar obxectivos comúns diante do Estado, reclamando un modelo de Estado que recoñecera o carácter plurinacional, pluricultural



Lois Obelleiro, primeiro pola dereita, no palco da praza da Quintana ao remate da manifestación do Día da Patria de 1996

e plurilingüístico con encontros en Barcelona, Gasteiz e Santiago que deron lugar ás declaracións de Barcelona, Gasteiz e Santiago de Compostela.

Obelleiro participou na delegación do BNG que en outubro do mesmo 1998 debateu os textos nunha xuntanza con CIU e PNV.

O Acordo de Santiago facía fincapé na reforma da constitución e mesmo nunha relectura que permitise o respecto nos ámbitos democráticos de decisión das nosas respectivas nacións.

Reflexionaba sobre cuestións cardinais como:

- O carácter plurinacional do Estado.
- A necesidade dunha nova actitude fronte á diversidade cultural e lingüística.
- A plasmación desta diversidade nos símbolos e as institucións.
- A estruturación competencial que faga politicamente efectivo o recoñecemento da plurinacionalidade do Estado.
- A adecuación dos modelos de financiamento público ás necesidades que temos de gobernar en función de cada realidade nacional.

«En todos os encontros deixou constancia da súa preparación ideolóxica, do seu compromiso militante e da súa camaradería. Ardeu na vida con tantas ganas que acendeu moitos outros lumes de amor e de traballo por Galiza»

- A análise do papel do Senado e a súa acaída reforma, así como de outros órganos institucionais.
- A presenza na Unión Europea e no eido internacional acorde co recoñecemento xurídico-político das nosas nacións.

O acordo de Santiago facía fincapé tamén nunha composición do Tribunal Constitucional que reflectise axeitadamente a pluralidade de poderes que concorren perante o mesmo para dirimir os seus conflitos, arbitrando mecanismos que permitían que a designación de Maxistrados do Tribunal Constitucional, responda á realidade plurinacional do Estado.

Obelleiro, xunto con Francisco Jorquera, contribuíu de xeito importante á redacción de moitos dos textos que nestes encontros fomos aprobando e que permitiron evidenciar a necesidade do recoñecemento de Galiza como nación para poder dar solución aos problemas de desenvolvemento económico-social e cultural que o noso pobo padece.

Transcorridos 20 anos, a involución centralista e antidemocrática no modelo de Estado ten sido escandalosa e a situación de Galiza tense agravado.

Obelleiro na esfera internacionalista tivo tamén un papel activo dende a dirección do BNG: na atención ás relacións con outras organizacións, tanto en encontros bilaterais como en xornadas, celebracións do día da Patria ou Asambleas Nacionais.

En todos eles deixou constancia da súa preparación ideolóxica, do seu compromiso militante, da súa camaradería e do seu amor por Galiza.

Sen dúbida, ardeu na vida con tantas gañas que acendeu moitos outros lumes de amor e de traballo por Galiza. ●



XABIER ABALO COSTA

Colaborador da Área Municipal do BNG

► Lois, segundo pola esquerda na faixa das delegacións internacionais, o Día da Patria Galega

Lois Obelleiro, un motor no avance cualitativo do BNG na acción municipal

A finais de 2005 volvíamos da Costa da Morte, de Camariñas, e a néboa envolvía o coche que conducía Lois Obelleiro. Acabáramos de ‘impartir educación’, como adoitaba dicir Obelleiro, para resolver un pequeno problema de interlocución na asemblea local. Pasaban das 12 da noite e a circulación era lenta e solitaria, non se miraba nada. Mais, de súpeto, nunha intersección, collemos á dereita, costa abaixo, e atopámonos dentro dun quinteiro, debaixo da parra que porticaba a entrada dunha casa onde a xente debía durmir. Marcha atrás, esmendrellados de risa polo susto e pola sorte. Aínda quedaba máis dunha hora para chegar a casa, Lois a Arcade, eu a Moaña.

Uns meses despois, Lois Obelleiro, como secretario de organización do BNG, Roberto Mera, como secretario de acción municipal e eu, como responsábel técnico de política municipal, iniciamos un estudo para fundamentar un manual que axudase ao traballo dos nosos concelleiros e concelleiras. O meu traballo era detectar as eivas e fortalezas, convertelas en metáforas; explicarllas a Obelleiro que as interpretaba politicamente e que Roberto Mera plasmaba para orientar a actuación nos concellos. Logo emprendemos un proceso de intercambio de opinións en cada cidade e comarca do país, para coñecer as problemáticas.



A actualidade da análise e conclusións que facía Obelleiro no noso equipo é un feito.

O voluntarismo e disposición ao traballo é dende sempre unha característica innata das persoas do BNG que traballan na fronte municipal; por outra parte, lugar inhóspito, difícil e desagradecido, que hai que temperar transcendendo e buscando perspectivas máis amplas, para convertelo en efectivo, preservando a situación persoal de concelleiros e concelleiras e a correcta política programada a nivel organizativo.

«Lois Obelleiro dicía que hai moitos que pensan que, por ocupar cargos de dirección, xa saben de que vai isto, mais non falan coa xente. E presumía de falar con todo o mundo»

O que permitía concluír en que as carencias levan algunhas veces a actitudes de frustración e resignación, sobre todo en estratexia e métodos, mesmo a xudicializar a vida municipal.

O compendio da acción municipal di tamén que:

(...) en ocasións, os valores que realmente posuímos como integrantes do BNG e que debemos proxectar na sociedade (capacidade, ideas, proxectos, propostas, interese por gobernar, etc.) son substituídos por actitudes como o sacrificio (ou martirio), a abnegación, o esforzo (somos traballadores, cumprimos coa nosa responsabilidade) ao que se engaden outros como a coherencia, a honradez, a dignidade, a lealdade... por oposición a outras forzas políticas que son todo o contrario.

Detectar o que lle preocupa á cidadanía e non suplantala, implicar a xente no noso traballo institucional

Lois Obelleiro dicía que hai moitos que pensan que, por ocupar cargos de dirección, xa saben de que vai isto, mais non falan coa xente. E presumía de falar



Lois, terceiro pola dereita,
na faixa de cabeceira
do Día da Patria
Galega de 1998

con todo o mundo. Hai que falar coa xente para saber cales son os seus problemas, que lles preocupa, como nos miran, que pensan do BNG e como lles gustaría que actuáramos.

Efectivamente, hai que escoitar aos veciños e veciñas, estar en contacto con eles, detectar as súas preocupacións e os puntos febles e criticábeis do goberno local. E espallamos exemplos orientativos, como:

(...) non magnificar cuestións que só nos preocupan a nós: a falta de respecto aos nosos dereitos como concelleiros e concelleiras, a denegación de documentación, irregularidades formais e administrativas, críticas a procedementos. Aconsellamos centrarnos nos problemas que preocupan á xente: servizos que funcionan mal ou dos que se carece, perda de poboación por falta de emprego, necesidade de vivenda. Axustar as críticas a aqueles aspectos compartidos pola veciñanza no relativo aos gobernos locais. Evitar discursos técnicos exentos de interpretación política. Hai que facer sempre lecturas e interpretacións políticas comprensíbeis socialmente da vida municipal e en particular das políticas urbanísticas, económicas, etc. Por exemplo criticamos os orzamentos porque están fóra de prazo, porque o grao de execución foi baixo, porque non son realistas, etc. en lugar de centrarnos naquilo dos orzamentos que interesa á xente: obras e actuacións que non figuran nos mesmos, casos de destragamento de cartos, etc.

Mais Obelleiro era teimudo en dúas cuestións: traballar cóbado con cóbado nas distintas áreas da dirección nacional do BNG:

Xabier, a pluralidade do bng obriga a un traballo en equipo, sen compartimentos estancos na dirección, tés un papel que é facilitar esa relación entre a organización e o municipal, e co concurso de comunicación; o día que haxa compartimentos estancos, o bng terá graves problemas.

A outra racional obsesión era a implicación da xente no traballo municipal. Sabíao por experiencia, polo seu paso como concelleiro e portavoz do BNG en Soutomaior. Sabía, e sabemos, que de nada vale presentar iniciativas ou mocións sobre problemáticas locais se non levan a implicación e complicidade da veciñanza, ou das persoas directamente afectadas. Decía, e leváboo á práctica, mellor organizar comisións ou asociacións veciñais que demanden as solucións diante do goberno local. Non suplantar á xente. Xa o dicía alguén: A cabeza dun movemento debe ir un paso por diante da xente para lideralo; se vai dous, sinálan-te co dedo.

Obelleiro e Roberto Mera, coincidían en determinar que, en ocasións:

«Unha racional obsesión era a implicación da xente no traballo municipal. Sabía, e sabemos, que de nada vale presentar mocións sobre problemáticas locais se non levan a implicación e complicidade da veciñanza»



Á súa chegada a Fene, o primeiro destino como profesor, colaborou na radio municipal

(...) a falta de formación política, de capacidade para o deseño dunha estratexia a medio e longo prazo, de métodos de traballo institucional, social e comunicacional eficaces e rendíbeis, veñen a suplantarse equivocadamente coa dotación de medios humanos e materiais, formativos no aspecto técnico ou xurídico. Non existe un norte claro, un mapa e unha folla de ruta definida, un compás que guíe acaidamente o noso traballo e unha equipaxe de análise, diagnose, obxectivos, estratexia e metodoloxía acorde para avanzar con rapidez, seguridade, eficacia e resultados satisfactorios. Quérese saber e coñecer en profundidade sobre lexislación, sobre aspectos técnico-urbanísticos, sobre conceptos da facenda local ou sobre normativa laboral e funcional; eses coñecementos proxéctanse logo no traballo social e comunicacional con enfoques afastados da realidade e do interese social (reparto porcentual dos capítulos orzamentarios, polémicas urbanísticas de índole procedimental...). Quérese tamén dispoñer de medios humanos, liberados, que logo, en ocasións, carecen dun plan de traballo realmente político, ficando a súa función limitada ao administrativismo, a burocracia e

os recados. Pénsase equivocadamente que o norte e a guía do traballo vaise descubrir dotándonos desa formación técnica ou deses medios materiais e humanos.

E finalmente, todos coincidimos en que, o exercicio de dirección política comarcal e local, o traballo institucional ligado á organización, a planificación e a metodoloxía, xunto coa administración e utilización dos recursos nacionais, nos campos da información, da comunicación e da formación política e técnica de xeito contrapesado, son elementos fundamentais para poder fortalecernos no traballo municipal, afrontar con éxito as problemáticas locais e comarcais e minorar as eivas que padecemos. E isto viñemos en dicir a finais do ano 2006.

A derradeira lección do mestre

Tal o cadro de Castela, non foi o fascismo, o pai de quen aplica o 155 en Catalunya e converte a nacionalistas en presos políticos, quen matou a Lois Obelleiro, porque o fascismo combátese desde as trincheiras, sen límite por xubilacións ou retiros, que non van quedar baleiras nunca, para poder empuxar fóra das nosas fronteiras e da sociedade ese demo que engorda a ignorancia e aos partidos constitucionalistas.

Foi a enfermidade crónica que nos obriga tamén a combater contra os recortes, a favor da medicina pública, contra a fraude alimentaria e o envelenamento dos produtos de consumo que engordan tamén consellos de administración, e que nos movern para loitar por conservar a vida diante dos que especulan con ela e viven a conta nosa.

Lois Obelleiro, un motor na historia do BNG, a cabeza fría fronte ao corazón quente. ●



FRANCISCO RODRÍGUEZ SÁNCHEZ

Filólogo e ensaísta

► Lois, 4.º pola dereita, na celebración do 40 aniversario da UPG. Compostela, 2004

Benquerido Lois, seguimos no empeño

Non está entre as miñas virtudes ter unha memoria factual esperta e viva do pasado. Tendo máis a esquecer e, sobre todo, a quedar coa substancia do vivido, do experimentado, se foi relevante ou significativo, en calquera aspecto, de forma positiva ou negativa. Non practico a desmemoria, porén tampouco adoito cocerme na lembranza obsesiva de nada, pois son o presente e o futuro os que guían a miña preocupación consciente. Certamente hai persoas que nin no meu pensamento nin no meu sentimento deixan de estaren presentes: son significativas na miña intimidade e tamén para a causa colectiva e social na que estiven, e estou, comprometido desde bastante mozo. Lois Obelleiro é unha desas persoas. Soe aboiar a súa figura nas miñas experiencias actuais de gozo e alegría persoais e por causa de cavilación política e social. Por que? Moi sinxelo: foi Lois Obelleiro unha das poucas persoas, durante a miña frenética militancia daqueles anos, coa que me sentín amparado e comprendido, consciente de que, con entusiasmo e compromiso, compartiamos obxectivos patrióticos galegos moi urxentes. A nosa militancia e amizade mesturábanse con naturalidade, facéndome máis aturábel unha dedicación política absorbente, unha vida desordenada e sen as compensacións que o equilibrio psicolóxico e emocional require.



Co gallo do seu pasamento, en febreiro de 2008, intentei apreixar algunhas características da súa personalidade. Comecei por afirmar que expresaba o mellor do espírito do pobo galego con aspiracións de liberdade. Tanto é así que a min aparecíame como a visión anticipada do que sería un home galego normal nunha sociedade galega consciente de si mesma, aberto, comprensivo, galegofalante, traballador e digno. El era xustamente unha proba senlleira de a semente que a UPG comezou a espallar, especialmente a partir de 1972, comezar a dar uns froitos vizosos. Moita mocidade galega, de extracción popular, con acceso aos estudos universitarios¹, sentiuse atraída e identificada co nacionalismo que se esforzaba por aparecer socialmente,

¹ Licenciado en Xeografía e Historia, doutorouse pola Universidade de Santiago, cunha tese sobre *As escolas de fundación. Unha necesidade social de alfabetización*. Seguindo o camiño iniciado por Francisco Carballo, de quen era un bo amigo, contribuíu a recuperar a conciencia do noso pasado, coa súa *Historia de Galiza* (1991) e, como coautor, coa *Historia Xeral de Galiza* (1997). Foi profesor de ensino secundario en varios institutos do país, destacándose polo seu traballo sindical e polo esforzo por achegar o alumnado ao coñecemento da realidade galega.

apostando por militar de forma entusiasta nel. Lois foi unha das primeiras evidencias de se estar a producir, de forma moi extensa, na mocidade este fenómeno de descubrimento de Galiza e de afán por contribuír á nosa liberación como pobo. Lois Obelleiro, como moitos outros e outras rapaces e rapazas, sentiulle a necesidade de a súa adhesión sentimental ao país completala coa práctica social e política para dotalo de consciencia sobre si mesmo e dos seus dereitos como nación sen Estado. Esta simbiose de emoción e racionalidade

«Expresaba o mellor do espírito do pobo galego con aspiracións de liberdade. A min aparecíame como a visión anticipada do que sería un home galego normal nunha sociedade galega consciente de si mesma, aberto, comprensivo, galegofalante, traballador e digno»



Lois nunha visita á URSS

Lois con nenos durante unha visita aos campamentos do Sahara Occidental



«No equilibrio da dualidade nacionalismo/marxismo ou nacionalismo/internacionalismo, resultaba un patriota revolucionario. Tiña un olfacto especial para detectar as posturas de radicalismo fraudulento ou de simple pose»

atopou fundamento na tradición do nacionalismo galego, especialmente en Castela, aliándoa coa concepción da sociedade e da historia do marxismo. Desde esta perspectiva, fixéronse análises políticas, enunciáronse obxectivos políticos e organizativos, e intentouse dotarnos dunha visión galega do mundo. A pedra angular consistía en subliñar que nacionalismo e internacionalismo verdadeiro son inseparábeis, pois a matriz básica que explica a dinámica do sistema capitalista, entón e moito máis hoxe, é a súa estrutura imperialista.

No equilibrio da dualidade nacionalismo/marxismo ou nacionalismo/internacionalismo, Lois Obelleiro resultaba un patriota revolucionario, por consciente, galego e popular. Tiña un olfacto especial para detectar as posturas de radicalismo fraudulento ou de simple pose. Atíñase aos feitos, ás condutas, á coherencia nacionalista básica e ao esforzo por mudar algo socialmente. Desde logo, pasou por moitas experiencias ilustrativas, comprobando como con frecuencia o ideoloxismo radical sirve só de pretexto ou escusa para non se comprometer cunha práctica social incisiva. Ou como

unha radicalidade estetizante pode agochar unha postura claudicante e sen a mínima coherencia nacionalista. Por desgraza, en aqueles anos, entre 1972 e 1985, non foron poucas as condutas políticas, tan desleais como faltas de honestidade, que agochaban simplemente o afán por desentenderse dunha estratexia claramente nacionalista. As crises no nacionalismo galego sempre xurdiron por un teórico esquerdismo que avogaba por secundarizar o problema nacional galego, isto é, simplemente deixar de ser nacionalista na práctica.²

Non era Lois un ideoloxista, malia ter unha sólida formación ideolóxica. Tampouco era un sectario, actitude especialmente meritosa de termos presente que resultaba difícil non selo nun ambiente tenso,

² Obelleiro tivo unha ampla e variada experiencia política e social ao servizo do nacionalismo. O seu compromiso político abranguíu a presenza e a actuación en ambientes tan diferentes como o estudantil, o obreiro, o mariñeiro e o labrego. Participou activamente na formación e consolidación do Sindicato Obreiro Galego (sog) e da Intersindical Nacional Galega (ING), na zona de Pontevedra, Soutomaior, O Morrazo, especialmente. Era, pois, a imaxe viva dun activista que aliaba traballo intelectual e práctica social, como unha forma de compromiso.



Con Francisco Jorquera e Francisco Rodríguez o 10 de marzo de 2005, en Pontevedra

conflitivo e cheo de confrontacións entre a esquerda nacionalista galega e a esquerda española. A súa capacidade e a necesidade de relación e presenza social determinaban con naturalidade e dominaban a súa conduta. Non era un home que fixese política inmune a emocións e afectos. Era difícil ser insensíbel á simpatía, á locuacidade expresiva, de aquel mozo vigoroso, forte, que exteriorizaba piedade e compaixón en tantas ocasións, conflitivas ou festivas, políticas ou amicais, privadas ou públicas. Bautista Álvarez, de quen era tan admirador como amigo fiel, dixo que Lois «sempre tiña un sorriso, mesmo cando as circunstancias da vida eran totalmente adversas»³. É verdade.

Conservo dúas imaxes del especialmente vivas, unha de 1976, inverno en Cádiz, e outra de finais de 2007, outono en Santiago. Foi visitarme á cidade andaluza, en compañía de varios amigos seus, cando eu estaba alí desterrado. Chegou, explosivo de alegría, como se comandase un grupo de esmorgantes,

en disposición de acabar coa miña clausura imposta. Era entón unha viaxe longa, pouco cómoda e custosa, sobre todo para un mozo da súa idade, a que había que facer para verme. O seu amparo chegou. Sempre o lembro. En Santiago apoiouse no meu brazo, sorriso de alegría pícara, para irmos camiñando, xunto outros compañeiros do BNG, a comer no Dezaseis, cando apenas se mantiña xa en pé por mor da enfermidade. Ao pouco tempo chegoume a noticia da súa morte.

Benquerido Lois, seguimos no empeño. As circunstancias son estrañas e duras. Todo é á vez que máis claro, máis errático e confuso. Porén, o noso patriotismo, a nosa fidelidade ao país está intacta. E o noso afán por estarmos socialmente actuautes e presentes segue a ser unha norma básica de conduta. ●

³ Intervención de Bautista Álvarez na homenaxe previa ao enterro de Lois Obelleiro, 22/02/2008.



MIGUEL ANXO FERNÁNDEZ LORES

Alcalde de Pontevedra

► Lois Obelleiro na faixa do BNG na manifestación en defensa de Pontevedra e comarca o 5 de xuño de 1998

Lois Obelleiro: construtor de esperanza

Unha das maiores grandezas das persoas é a capacidade de implicarse en proxectos colectivos. Lois Obelleiro foi un xigante en compartir, en construír comunidade, en facer nación, en organizar, en unir arredor de sentimentos, de ideas e de emocións. Foi un patriota dos pés á cabeza, unha persoa íntegra, entusiasta, vitalista, honesta, exemplar. A súa vida tivo un rumbo decidido, coherente, limpo. E levou con orgullo, con coraxe, con convicción as bandeiras da patria por todos os eidos que tripou. Foi unha desas persoas que se agrandan co paso do tempo, porque deixan unha semente vizosa e estamos recollendo os froitos que nos legou.



Dicía el, con sentido humor retranqueiro, que o BNG era un «poliedro de sensibilidades». E a expresión pódesele apoñer perfectamente á súa persoa, pola inmensa capacidade de multiplicarse en arelas e tarefas: a paixón pola docencia, a querenza pola investigación e a divulgación histórica, o activismo cultural, o deporte, o cultivo esmerado da amizade, o compromiso sindical, a entrega á loita obreira, a vocación política, a militancia permanente na causa de Galiza, a entrega absoluta ao BNG.

No concello de Pontevedra deixou pegadas indelebeis. Desas que permanecen para sempre, como unha fonte de luz inesgotábel. A súa xigantesca herdanza permanece viva entre nós: na memoria do incesante labor político e sindical; no ronsel da andaina como profesor no Instituto Torrente Ballester (que non se chamou Carballo Calero, como el quería, malia convencer e vencer na votación do claustro); no faro de pensamento crítico que foi e segue sendo a Aula Castelao de Filosofía, á que lle dedicou tanta enerxía.

Era unha persoa extraordinariamente humilde e sinxela. Un grande conversador; un amante do

«Motivador, próximo, comprensivo, ameno, cómplice e sedutor. Non paraba de argallar proxectos didácticos, viaxes de coñecemento, intercambios. Coa teimosía permanente de sementar, de xunguir, de concienciar, de facer patria»

debate, da tertulia e da polémica; un extraordinario compañeiro, un leal camarada, un hábil pedagogo. Un deses mestres que cautiva o alumnado, que deixa unha marca inesquecibel. Motivador, próximo, comprensivo, ameno, cómplice e sedutor. Non paraba de argallar proxectos didácticos, viaxes de coñecemento, intercambios. Coa teimosía permanente de sementar, de xunguir, de concienciar, de facer patria.

Vivía con auténtica paixón, con intensidade, con entusiasmo, con optimismo desbordado. Aínda



Lois Obelleiro nos anos noventa

«Era o que se di un xogador polivalente, deses que son imprescindíbeis no equipo: algunhas veces actuaba baixo a luz dos focos e a maior parte do tempo, no labor invisíbel, pateando o país, xogando con mal tempo e co terreo embarrado»

que ás veces tamén precisaba expresar a carraxe, a raiba, o xenio, a irreverencia: «Quen me dera estar na miña casa para poder berrar». Porque foi un inimigo declarado da submisión, da covardía, da resignación e do medo como normas de conduta individual e colectiva. Por iso estivo sempre do lado da xente humilde, do pobo traballador, da lingua proletaria, da nación e do nacionalismo.

Para el non había límites, non había divisións, non había especialización posíbel. Era un todoterreo, como o coche que conducía. Por iso estivo nas reivindicacións labregas ou mariñeiras, nas loitas da Pontesa, no movemento de renovación pedagóxica, na militancia pola lingua, no asociacionismo cultural, na creación de medios de comunicación propios, na edición e na escrita de manuais de historia que seguen sendo referencia.

E principalmente no traballo político. Aí podía ser o peón que traballaba de sol a sol, a pé de obra, bregado en mil batallas da actividade local e municipal e nas loitas clandestinas. Ou o que levaba o temón en tempos de bonanza e tamén cando viñan mal dadas. Non era de arredarse, de achantar, de

poñerse de perfil. Era dos que estaban cando había que estar, e sobre todo cando había que remar contracorrente. Era o que se di un xogador polivalente, deses que son imprescindíbeis no equipo: algunhas veces actuaba baixo a luz dos focos e a maior parte do tempo na sala de máquinas, no labor invisíbel, pateando o país, xogando con mal tempo e co terreo embarrado. Con absoluta entrega, coa máxima xenerosidade.

Agora, cando botamos a vista atrás logo de dez anos de ausencia vemos como se agranda a súa figura boa e xenerosa. Como medran as árbores que plantou, as ideas que sementou, as complicidades que soubo tecer. Están aquí con nós centos de homes e mulleres que subiron a bordo cando estaba el, enroladas por el na viaxe cara á esperanza dunha Galiza dona de si mesma, igualitaria e soberana.

Temos unha fermosa tarefa que facer con el e por el. Seguir fortalecendo o nacionalismo, traballar con entusiasmo e con determinación, pensando en que no horizonte sempre hai retos que superar e soños que cumprir. O próximo vai ser a alcaldía de Soutomaior. Por ti, Lois. ●



Lois Obelleiro nunha recollida de sinaturas para pedir semáforos en Soutomaior, en 1994



No palco da Quintana o 25 de xullo de 2001



ANA PONTÓN MONDELO

Portavoz Nacional do BNG

► Lois Obelleiro durante un mitin na rúa Roxelio Landeiro de Arcade

Lois Obelleiro, confianza na nación

Castelao dixo nunha ocasión que:

A patria está constituída pola terra e polos mortos. Mais iso non quer dicir que a terra sexa unha simple realidade xeográfica e que os mortos sexan a cinza dos noso devanceiros, non. Na linguaxe figurada en que agora falamos, a terra é a fonte inesgotábel de vida e os mortos son a esencia orixinal do noso ser colectivo.

Certamente, hai persoas que nos deixan en heranza unha vida de compromiso, un espello no que poder ollar os mellores valores do noso pobo e a Galiza que podemos ser. Sen dúbida, unha desas persoas é Lois Obelleiro: mestre, historiador, camarada, pai, amigo e compañeiro. A súa biografía vai paralela aos fitos máis relevantes do nacionalismo contemporáneo. A conciencia de galego agromou na súa adolescencia e deu os seus primeiros pasos nos derradeiros anos da ditadura. Os que tivemos a sorte de coñecelo, sabemos que foi un piar do nacionalismo e un home fiel e leal á causa de Galiza, a causa da emancipación nacional.

Penso en Lois e inevitabelmente vexo o militante, o historiador, o dirixente político e sobre todo, unha persoa chea de dignidade, ética e valores sólidos. Na miña retina fica a imaxe dun home de acolledor sorriso e mirada honesta, desbordante de humanidade. Unha humanidade que define e enchoupa toda a súa biografía política, profesional e persoal. Coñecino sendo eu militante de Galiza Nova. Sempre atopei nel unha persoa disposta a botar unha man, a dar unha idea, a acompañarnos;



«Teño que recoñecer que sigo botando en falta a súa experiencia, o seu olfacto político e a súa capacidade para non perder o seu sentido do humor e ollar o mundo con optimismo»

iso si, fuxindo do paternalismo. Supoño que a súa profesión de mestre amosoulle que ensinar non consiste en dar leccións maxistras, senón en dotar de ferramentas para pensar, ter confianza en nós mesmas e actuar. Lembro ben que nos recalca que tiñamos que ser mozas e mozos, usar a linguaxe actual e sobre todo, participar en política con rebeldía e alegría.

Porque esa era outra calidade que lembro ben de Lois e que todas e todos cantos o trataron e quixeron sempre refiren: o seu engado persoal, o seu sorriso, a súa positividade, a súa actitude sempre afable, animosa e dialogante; ao tempo que firme nos seus compromisos e ideais. Persoas coma Lois construíron un nacionalismo galego dinámico, activo e organizado. E para iso foron audaces cando fixo falta e constantes no traballo político sempre. Un traballo, claro, feito desde o vínculo adecuado entre a formación teórica e a práctica social, e con capacidade para se relacionar e dialogar sen corsés co propio pobo.

Foi Lois un home polifacético, con moitas calidades; eu destacaría entre elas destacaría que

nunca foi amigo do ideoloxismo e do sectarismo. Isto permitiulle ser unha persoa con introdución social e capacidade para atraer a moitas persoas ao nacionalismo. Era un home de principios e valores sólidos, que empregou para facer avanzar o BNG e gañar en prestixio e solidez colectiva. Teño que recoñecer que sigo botando en falta a súa experiencia, o seu olfacto político e a súa capacidade para non perder o seu sentido do humor e ollar o mundo con optimismo.

É coñecido tamén e cómpre poñelo en valor hoxe o papel fundamental de Lois na recuperación da historia nacional. Con Francisco Carballo, con Anselmo López Carreira, con Bieito Alonso e con outros estudosos, fixo parte dese grupo de estudosos e investigadores que apostaron por deitar luz sobre a memoria negada ou deturpada do noso pobo, un traballo que foi extraordinariamente relevante naquela altura e continúa hoxe a ser plenamente necesario. Daquela *Historia de Galicia* editada pola Frente Cultural da AN-PG ao seu valioso estudo das escolas de fundación en Galiza, pasando polo labor realizado na elaboración de libros



Lois participando nun programa radiofónico

«O mellor contributo á memoria de Lois é continuar coa tarefa de construír nación, conciencia de nós, orgullo de sermos galegos e galegas e confianza nas nosas posibilidades e capacidades como pobo»

e materiais educativos para o ensino desde unha perspectiva nacional. Lois foi sempre un facedor de país, un dos bos e xenerosos que constrúen no día a día a nación mellor que queremos. Como historiador, como docente e como militante político. Porque en todas estas dimensións abordou o traballo desde unha óptica que valorizaba o colectivo, dignificaba o popular e abrazaba a intelixencia e a xenerosidade.

Nestes dez anos sen Lois a realidade mudou a nivel internacional, no propio país, e no BNG. Mais estou absolutamente convencida de que estaría orgulloso de ver como continuamos co labor o que tanto empeño e amor aportou: a construción de organizacións políticas propias, independentes e sen subordinación a forzas estatais. Lois non só participou na fundación do BNG, foi unha persoa clave na súa consolidación. Era un activista, un traballador nato e un patriota convencido, unha das chaves de bóveda na consolidación organizativa e electoral do BNG. Tiña claro o potencial nacionalista do país e que era necesario ampliar a base social e electoral. Mais tamén sabía que nada diso tiña

sentido se non estaba inserido nun proxecto transformador, con ideas e rumbo claro e útil para construír conciencia nacional.

Os tempos cambian, pero a necesidade do nacionalismo é cada día mais evidente. O mellor contributo á memoria de Lois, é continuar coa tarefa de construír nación, conciencia de nós, orgullo de sermos galegos e galegas e confianza nas nosas posibilidades e capacidades como pobo. Os que coñecemos o noso homenaxeado sabemos que non era home de vaidades, senón de acción. Era unha persoa que fuxía de individualismos e confiaba no colectivo. Foi Lois un deses militantes imprescindibles. Desde a honestidade deu o mellor de si para o progreso e benestar de Galiza. Nestes tempos en que unha pantasma recorre de novo Europa, son persoas como Lois quen nos lembran que non virá de fóra remedio nin esperanza, e que con ideas firmes e un sorriso nos beizos, todo é posíbel! ●

Colabora connosco!

Subscribíndote á revista *Terra e Tempo*
ou sendo Socia protectora/Socio protector



Obxectivos da Fundación

1. Promover a recuperación de toda aquela documentación que constituía elemento de identidade do movemento nacionalista galego.
2. Ser centro de documentación, consulta e estudo sobre as actividades das organizacións nacionalistas.
3. Difundir entre os galegos e galegas os estudos sobre a realidade da nación galega e a súa sociedade que contribúan a un mellor coñecemento da realidade da Galiza e do mundo.
4. Convocar cursos, xornadas e debates sobre temas relativos ao nacionalismo e ao marxismo.
5. Conservar e xestionar o Arquivo Histórico da Unión do Povo Galego.


Actividades da Fundación

1. Edición de revistas, primordialmente da cabeceira histórica *Terra e Tempo* editada desde 1965.
2. Edición de libros ou outras publicacións.
3. Organización dun Arquivo do Nacionalismo Galego da segunda metade do século XX.
4. Promoción e organización de estudos, premios, exposicións e actividades públicas co fin de difundir os obxectivos fundacionais.

A FUNDACIÓN TERRA E TEMPO DE ESTUDOS NACIONALISTAS constituíuse en xullo de 2004 promovida pola Unión do Povo Galego como entidade sen ánimo de lucro. O Código de Identificación Fiscal é o número G-15947450. Está clasificada de interese cultural por orde da Consellaría de Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública do 29 de setembro de 2004 (DOG n.º 203, do 19 de outubro) e declarada de interese galego por orde da Consellaría de Cultura, Comunicación Social e Turismo do 23 de novembro de 2004 (DOG n.º 244, do 17 de decembro), figurando inscrita co número 2004/20.



Na memoria de
Bautista Álvarez



Historia Xeral de Galicia

Francisco Calo Lourido
Anselmo López Carreira
Francisco Carballo Carballo
Luís Obelleiro Piñón
Bieito Alonso Fernández

Edicións A Nosa Terra
Vigo, 1997

(...) Eu tamén vou falar do herdo que nos deixa Lois Obelleiro. O capital que foi acumulando na súa viaxe por este mundo. Está composto polo compromiso na defensa do seu país, a firmeza ideolóxica e a militancia. Non deixa cargos nos que teñamos que relevalo, porque nunca aspirou a eles. Puxo sempre os intereses persoais ao servizo dos ideais, e nunca subordinou os ideais aos intereses. Ese é o grande legado que os testamentarios —a familia nacionalista— debe saber administrar para entregárllelo ás xeracións vindeiras. Repito outra vez o que dixen antes: todos somos necesarios pero ninguén é indispensable. Iso é certo, pero tamén que cada persoa que se vai deixa un oco. Cada militante que desaparece deixa desgornecido o posto que ocupaba na liña de combate. Non sobran brazos para culminar a obra que está aínda a medio facer. A tristura que embarga á súa familia é compartida por todos os compañeiros de ideais e de militancia.

(...) Levaremos sempre na lembranza o sorriso que afloraba nos seus beizos, mesmo cando as circunstancias eran adversas.

Bautista Álvarez

Intervención no enterro de Lois Obelleiro
Soutomaior, 22 de febreiro de 2008
Obras escollidas. Volume III



Na memoria de
Bautista Álvarez

